

2º BACH

LINGUA GALEGA E LITERATURA

2º TRIMESTRE (UNIDADE 3)



IES RICARDO MELLA
PROFESORA: VERA ÁLVAREZ
CURSO 2025-2026

UNIDADE 3

ÍNDICE

UNIDADE 3.....	2
COMUNICACIÓN	3
Definicións	3
Intención comunicativa.....	4
Os xéneros textuais.....	6
Actividades de comunicación.....	10
REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA	12
O pronome persoal	12
As relacións semánticas	23
Actividades.....	27
LINGUA E SOCIEDADE	29
O galego, lingua en vías de normalización	29
EDUCACIÓN LITERARIA	34
Tema 5. A poesía entre 1936 e 1975: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace, a Xeración das Festas Minervais	34
Tema 6: A prosa entre 1936 e 1975: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas)	57

COMUNICACIÓN

DEFINICIÓN

Definir unha palabra é **explicar o seu significado**. Para facelo, contamos con dous métodos básicos: a definición lóxica e a definición nominal. Escolleremos unha ou outra en función da **clase de palabras** que debamos definir, aínda que ás veces poden aparecer combinadas. Tamén é indispensable ter sempre en conta o **contexto** da palabra.

DEFINICIÓN LÓXICA

Consiste en describir a realidade designada por unha palabra desde o seu aspecto máis xeral (para o que usamos un hiperónimo) ata os trazos particulares. É a máis adecuada para definir substantivos concretos.

DEFINICIÓN NOMINAL

Explica un termo empregando unha serie de estruturas, outras palabras de mesma familia e sinónimos ou antónimos. A palabra definida non pode entrar na definición. É a forma máis axeitada de abordar substantivos abstractos, adxectivos, verbos e adverbios.

Independentemente do tipo de definición que empreguemos, sempre que exista, **convén que a completemos cun sinónimo**.

CLASE DE PALABRAS	MECANISMOS DE FORMACIÓN	ESTRUTURA DA DEFINICIÓN	EXEMPLOS
Substantivos concretos		Hiperónimo+descrición de trazos particulares (forma, tamaño, utilidade...)	Alfinete : peza de metal, de forma, tamaño e grosor similares aos da agulla, que acaba en punta nun dos extremos e nunha cabeza no outro. Beirarrúa : espazo ao lado das rúas e das estradas reservado para que circulen os viandantes. Demo : ser imaxinario que, popularmente e para a relixión cristiá, representa o espírito do mal
Substantivos abstractos	Derivados de adxectivos	“Condición, calidade ou carácter do que é +adx ou sinónimo do adx.”	Delgadeza : condición do que é delgado, fraco, de pouca carne; fraqueza
	Derivados de verbos	“Acción e resultado de+verbo e sinónimo do verbo ou explicación”	Contaminación : acción e resultado de contaminar, alterar a pureza ou as calidades naturais dun elemento; polución
	Derivados de substantivos	Actitude do que... / Doutrina, sistema, movemento, tendencia	Marxismo : sistema sociopolítico baseado nas teorías do materialismo dialéctico e histórico de Marx e Engels
Adxectivos		Podemos comezar por expresións como “realtivo a”, “dise da persoa ou cousa que”, “aplícase a “, “calidade de”...etc.	Amigable . adx. Pertencente ou relativo á amizade

Verbos		A definición esixe outro verbo de significado máis amplo ou un sinónimo.	Espreitar: Observar [algo ou alguén] con atención, procurando non ser visto
Para a definición de substantivos, verbos, adxectivos e adverbios, podemos ter en conta se proceden doutras palabras, ou non. Se son palabras derivadas, é útil plantexarse a significación do morfema prefixo ou sufixo. Así, por exemplo, a definición de amabilidade é, de acordo co DRAG, s.f. Calidade de amable. O sufixo "-dade" convirte adxectivos en substantivos abstracto.			

ERROS COMÚNS NA DEFINICIÓN DE PALABRAS

1. Evitar as fórmulas é, trátase cando definimos un substantivo:

caza furtiva: trátase captura e/ou matanza....

de carácter forte: é unha característica....

2. Non se pode empregar a palabra definida na definición

caza furtiva: realización da caza de maneira ilegal

caza furtiva: caza ilegal

3. Non se pode comezar a definir un substantivo empregando un verbo:

Prostitución do proceso de creación científica: facer un uso negativo da investigación para obter un beneficio

4. Non se pode comezar a definir un substantivo coas mesmas fórmulas empregadas para os adxectivos (que...)

Prostitución do proceso de creación científica: que non deixan que se leve a cabo o dito proceso

INTENCIÓN COMUNICATIVA

Un texto pode ter diversas intencións comunicativas, dependendo do propósito da persoa que o escribe e do contexto en que se enmarca. En moitos casos, os textos combinan varias destas intencións. Por exemplo, unha novela pode ter unha intención estética e ao mesmo tempo expresar emocións ou transmitir unha idea. A análise da intención comunicativa debe ter en conta o xénero, o destinatario e o contexto.

Para interpretar adecuadamente un texto debemos atender a varias cuestións:

• Recoñecer a intencionalidade

Que quere conseguir o autor? Que meta ten coa creación dese texto? Está informando, emocionando, convencendo ou simplemente provocando unha reflexión? Non só nos interesa o QUE di, senón COMO o di.

• Ir máis alá da literalidade

Cando lemos non podemos quedar coa interpretación máis evidente. Os textos poden conter mensaxes implícitas que só se captan a través dun proceso interpretativo. Por exemplo, un autor pode dicir algo irónico para expresar o contrario do que aparentemente afirma.

En resumo, esta reflexión apela á lectura crítica e activa: non só descifrar o texto, senón interpretar o que o autor quere dicir e por que o fai desa maneira. É un chamamento a superar unha lectura literal para descubrir dimensións máis profundas.

FUNCIÓNS DA LINGUAXE

Os enunciados e os textos, segundo a intención comunicativa que teña o emisor, poden cumprir seis funcións:

- **Función representativa** (centrada no referente externo): predominan naquelas mensaxes que teñen por obxectivo transmitir unha información.
- **Función apelativa** (centrada na persoa receptora): son enunciados que buscan convencer ou mudar a opinión da persoa que recibe a mensaxe.
- **Función emotiva** (centrada na persoa emisora): son mensaxes que expresan sentimentos ou sensación da persoa que emite a mensaxe.
- **Función fática** (centrada na canle): son mensaxes que pretenden comprobar o correcto estado da canle.
- **Función poética** (centrada na mensaxe): son enunciados que teñen por obxectivos a creación de beleza.
- **Función metalingüística** (centrada no código): son textos que reflexionan sobre o funcionamento da lingua.

QUE INTENCIÓN PODE PERSEGUIR UN TEXTO?

▪ Informativa

O texto busca transmitir información ou feitos obxectivos. Pode estar presente en artigos xornalísticos, textos académicos, informes... A intencionalidade implícita pode ser orientar o lector cara a unha perspectiva concreta.

▪ Persuasiva ou apelativa

O obxectivo é influír no receptor, motivar unha acción ou modificar unha opinión. Está presente nos discursos políticos, anuncios publicitarios ou textos de opinión. Algúns recursos como a ironía ou o sarcasmo poden reforzar o impacto emocional ou racional.

▪ Expresiva ou emotiva

O autor reflicte os seus sentimentos, emocións ou visión persoal do mundo. Vese en poemas, diarios ou cartas persoais. Son habituais os símbolos, os xogos de palabras ou os recursos estilísticos.

▪ Estética ou poética

A prioridade é a beleza ou a creación artística, empregando linguaxe elaborada ou recursos literarios. Presente en textos de carácter literario, cancións, relatos ou ensaios literarios. Son, polo xeral, mensaxes profundas ou universais ocultas en metáforas ou símbolos.

▪ Crítica ou satírica

O texto quere denunciar, analizar ou cuestionar unha realidade. Normalmente usa a ironía, o sarcasmo, o humor... É habitual nos artigos de opinión, literatura satírica, caricaturas ou memes.

▪ Reflexiva ou filosófica

Invita ao lector a cuestionarse, reflexionar ou explorar conceptos abstractos. Atópase en ensaios, diálogos filosóficos ou literatura existencial. Expón situacións que convidan á unha reflexión profunda sobre un tema.

▪ Lúdica ou recreativa

Busca entreter ou divertir, sen maiores pretensións. Presente en narrativas populares, contos infantís... Tamén poden conter leccións ou críticas disimuladas.

▪ Educativa ou didáctica

Pretende ensinar ou formar o lector. Común en libros de texto, fábulas ou manuais. Transmiten mensaxes morais ou éticas escondidas na narrativa.

OS XÉNEROS TEXTUAIS

Alén das tipoloxías textuais, se atendemos á intención comunicativa e ás características temáticas, estilísticas e estruturais dos textos podemos distinguir diferentes xéneros discursivos. Calquera lector ou lectora é quen de diferenciar se un texto fai parte dun xornal, é unha carta ou unha queixa a unha compañía telefónica. Vemos, pois, que tipoloxía textual e xénero discursivo son dúas caras da mesma moeda.

De acordo coa teoría lingüística actual, podemos distinguir os seguintes xéneros discursivos:

XÉNEROS LITERARIOS

Teñen como obxectivo entreter e crear beleza polo que existe un predominio da función poética. Podemos distinguir tres xéneros literarios: o **lírico**, o **narrativo** e o **dramático**. Debido a que o texto literario é obxecto de estudo detallado na pregunta 4, neste apartado non colocaremos o foco sobre el. Con todo, é importante que saibades distinguir un e, sobre todo, que características estilísticas teñen.

Características dos textos literarios: • Son ficción • Poden combinar fantasía e verosimilitude • Teñen un fin estético ou artístico • Poden utilizar todos os rexistros da lingua, rompendo incluso as regras en ocasións. Exemplos: contos, novelas, obras teatrais, poemas..

XÉNEROS PUBLICITARIOS

Dentro dos xéneros publicitarios atopamos unha variedade de formatos e enfoques, cada un deseñado para captar a atención do público e promover produtos ou servizos de maneira eficaz. Entre eles, destacan os anuncios publicitarios, que poden aparecer na televisión, radio, internet ou prensa escrita, utilizando imaxes e slogans impactantes para seducir ao consumidor.

XÉNEROS CIENTÍFICOS

No xénero científico predomina a función referencial e a intencionalidade é informar, describir ou explicar fenómenos, teorías e descubrimentos de maneira clara e precisa. A linguaxe empregada é formal, obxectiva e especializada, axeitada para o público ao que vai dirixido, que adoita ser coñecedor da materia. Este tipo de textos inclúe artigos en revistas científicas, informes de investigación, teses e libros especializados, onde a rigorosidade e a exactitude son fundamentais para garantir a credibilidade e a validez da información presentada.


XÉNEROS ADMINISTRATIVOS

Os xéneros administrativos caracterízanse pola súa función comunicativa centrada na xestión e tramitación de asuntos e procedementos dentro de organizacións tanto públicas como privadas. Estes textos son fundamentais para o correcto funcionamento burocrático e administrativo dunha entidade, xa que permiten a transmisión clara e eficaz de información e instrucións. A linguaxe utilizada é formal e precisa, con estruturas fixas que buscan evitar ambigüidades e asegurar a comprensión unívoca.

XÉNEROS PRESCRIPTIVOS

Dentro do xénero prescriptivo ou instrutivo, a principal función é guiar ou orientar ao lector na realización de tarefas específicas. Estes textos inclúen instrucións, manuais de usuario, receitas culinarias e normas de uso, entre outros. A súa estrutura adoita ser clara e secuencial, permitindo que o lector siga os pasos de maneira sinxela e sen confusións. A linguaxe é directa e precisa, empregando verbos no imperativo para indicar accións concretas que deben ser realizadas. Este tipo de texto é esencial en contextos onde a exactitude e a claridade son cruciais para garantir que os procedementos se executen correctamente.

Xéneros xornalísticos



A NOTICIA

Tipo de texto que informa sobre algún feito novidoso de actualidade que teña interese para un gran número de lectores/as. Unha noticia debe cumprir tres principios básicos: **claridade, brevidade e obxectividade**. Pero ademais ten que adaptarse a uns requisitos temáticos, formais e lingüísticos concretos:

O contido: A redacción da noticia debe facerse sempre comezando pola información máis relevante e logo concretando os detalles. Para iso hai que redactar de maneira que se vaian contestando seis preguntas (coñecidas como “os seis w” porque en inglés todas estas interrogantes comezan con esa inicial): **Que pasou? A quen? Cando? Onde? Por que? Como?** A estas seis preguntas aínda se lle pode engadir outra: **para que?**

A estrutura: Toda esta información debe presentarse de maneira que capte a atención do/a lector/a e para iso organizárase do seguinte xeito:

- **Titulares.** Trátase de resumir o contido da lectura e ao mesmo tempo conseguir o interese dos/as lectores/as. Está formado por tres partes diferenciadas:
 - **Título:** unha frase que resume o contido da noticia. Debe ser breve, claro e concreto. Sempre aparece destacado tipograficamente con letra de maior tamaño e en negriña.
 - **Antetítulo e subtítulo:** Frases explicativas colocadas antes e despois do título, respectivamente. Pode habelas ou non, o máis común é que apareza só unha das dúas opcións.
 - **Entrada:** É un resumo da noticia onde se recolle sumariamente o esencial, pero de maneira o suficientemente completa para que o lector coñeza o máis importante.
- **Corpo.** É o desenvolvemento da noticia, é dicir, a narración pormenorizada dos feitos ocorridos e ordenados de maior a menor relevancia.

Procúrase sempre que a lingua utilizada sexa de fácil comprensión. Para conseguilo terase en conta o seguinte:

- Utilización de léxico común, aínda que non vulgar.
- Utilizar frases curtas e parágrafos breves (de non máis de 4 ou 5 oracións).
- As oracións deben seguir a orde lóxica: suxeito-verbo-complementos e non introducir demasiadas subordinacións.
- Nos **titulares** débese ter en conta, ademais, o seguinte:
 - Utilizar sempre frases afirmativas: *O 17,9 % da poboación galega vive en situación de exclusión social (Praza Pública)*
 - Se é posible, usar só substantivos e verbos (preferentemente en presente ou pretérito): *A loita pola terra chega ao Parlamento europeo (Praza Pública)*
 - Ás veces os verbos e substitúense por dous puntos: *Galego: uns lugares si e outros case nada (Praza Pública)*
 - Os verbos copulativos omítese: *As mozas galegas, máis conectadas á rede que os mozos e homes novos (Sermos Galiza)*
 - Non utilizar signos de puntuación (salvo as comas nas enumeracións) ou os dous puntos: *Un español, a polo Nobel do profesorado (La Voz de Galicia)*
 - Non empregar siglas: *Obxectivos do TLC entre a UE e USA (Sermos Galiza). Se non entendemos o titular seguramente non leremos a noticia.
 - Evitar ambigüidades: *Unha muller, detida xunto ao líder da seita de San Miguel Arcángel en Oia (El Progreso) : Ten importancia que sexa unha muller?
 - Non facer noticia do que non o é: *A enfermeira con ébola estivo a punto de vir a Becerreá cando xa estaba contaxiada (La Voz de Galicia) Cal é a noticia? Se non veu non hai noticia.

OS XÉNEROS DE OPINIÓN

Os medios de comunicación non teñen como único cometido a información senón que tamén constitúen un importante vehículo de difusión de ideas. Por iso atopamos neles abondoso espazo reservado aos artigos de opinión nos que os/as autores/as (sexan redactores, colaboradores ou lectores) poñen de manifesto a súa particular forma de ver un determinado tema, é dicir, valoran e xulgan un tema coa intención de influír na opinión dos/das lectores/as.

Dependendo de quen sexa o autor/a, distinguimos os seguintes tipos de textos de opinión:

O EDITORIAL

Trátase dun artigo que explica e valora un feito de actualidade de gran transcendencia. Acostuma publicarse nun lugar fixo e destacado do xornal (case sempre a primeira páxina). Aparece sen asinar porque o seu contido non reflicte o sentir dunha persoa individual senón que marca a opinión do equipo directivo ou a empresa propietaria do periódico.

Nalgúns xornais non existe un editorial propiamente dito (ou só aparece en ocasións moi especiais nas que o equipo directivo cre necesario tomar posición sobre un tema determinado), o seu lugar ocúpalo unha serie de artigos de opinión de persoas que coinciden ideoloxicamente coa liña editorial do xornal.

A estrutura do editorial non é fixa, mais é frecuente que logo do título se presenten os feitos (de maneira subxectiva), seguidos dunha explicación crítica e dunha argumentación para tentar convencer os lectores, para rematar cunha conclusión.

O ARTIGO

Os artigos son escritos por persoas que colaboran de maneira ocasional ou permanente co xornal ou revista. Algunhas veces están escritos por persoas moi entendidas nun determinado tema, case nunca xornalistas, e isto dálle prestixio ao xornal.

Sempre van asinados polo seu autor, que desta maneira se responsabiliza sobre as opinións que nel verte. Se o autor colabora habitualmente co xornal, os seus artigos adoitan ocupar un lugar fixo e denomínanse **columnas**.

Os temas dos que tratan son diversos: económicos, políticos, culturais... e non teñen por que ser de actualidade.

O ton dos artigos é tan variado como os temas dos que trata: irónico, transcendente, sarcástico... e as súas características lingüísticas dependen da habelencia lingüística do autor, ás veces chegan a ser pezas de gran transcendencia literaria.

A CRÍTICA

Unha crítica é un artigo no que o/a autor/a analiza e opina sobre un libro, unha película, un disco, unha exposición... e valóraa de maneira positiva ou negativa. Como toda valoración, é un texto de tipo subxectivo e, polo tanto, sempre debe ir asinada para indicar a autoría.

A TIRA CÓMICA OU VIÑETA

Aínda que cando lemos o xornal busquemos "o chiste" coa única finalidade de esbozar un sorriso, o certo é que se trata dun xénero de opinión máis. Cada xornal traballa cun humorista, que é o encargado diario desta sección. Nela, grazas a unha gran capacidade de concisión do autor, e por medio da mestura de debuxo e palabras, reflexiónase sobre algún aspecto da actualidade.

CARTAS AO XORNAL

Son textos enviados polos/as lectores/as para opinar ou informar dalgún aspecto da actualidade. A intención de quen escribe non é informar ao xornal senón ao resto da comunidade. Aparecen publicados todos xuntos nunha sección pero cada autor/a identifícase co seu nome e lugar de residencia.

A forma destes textos é similar á de calquera outra carta:

- Encabezamento: (que non aparece recollido no xornal) co lugar e a data, o saúdo e o pedimento de publicación.
- Corpo: onde se relatan ou denuncian os feitos.
- Pé: (tampouco se publica no xornal) onde consta a despedida, o agradecemento por publicala, a sinatura e a identificación do autor (incluído o nº do DNI e mais o enderezo).

Nos medios de comunicación en soporte papel a opinión está limitada a estes textos que acabamos de analizar, mais nos xornais dixitais as posibilidades son moito máis amplas, pois en todos os textos (sexan de tipo informativo ou de opinión) ofrécese a posibilidade de que sexan comentados polos/as lectores/as, e incluso de que se produzan debates entre varias persoas que opinan. Ademais, calquera lector/a pode compartir un texto a través das redes sociais co que o propio artigo e tamén o debate que xera segue vivo tamén fóra do propio medio que o orixinou.

Outro tipo de clasificación:

	TIPOS TEXTUAIS					
ÁMBITOS	Descritivo	Narrativo	Expositivo	Argumentativo	Prescriptivo (Instrutivo)	
Das institucións, xurídico e administrativo	Presentación		Folleto Acta Notificación Resolución Convocatoria Certificado	Instancia	Anuncio Decreto Bando	
Ds medios de difusión ou comunicación	Pé de foto Cadro	Noticia Crónica	Infografía Reportaxe Recensión	Entrevista Editorial Viñeta	Artigo de opinión	Receita
Das relacións persoais	Diario Chiste Carta		Nota Currículum	Comentario Foro	Regras Guía de uso Manual	
Da aprendizaxe, académico	Índice descritivo	Biografía	Resumo Explicación Entrada de dicionario Exposición didáctica Artigo Monografía Recensión	Prólogo Debate Discurso	Decálogo Normas	
Literario	Retrato	Conto Fábula Lenda Novela	(Auto)biografía	Manifesto Ensaio	Consellos	

ACTIVIDADES DE COMUNICACIÓN

TEXTO 1

Mónica Marcos era muller, tiña 52 anos e foi asasinada, presuntamente, pola súa parella. Mónica tiña 2 fillos e rexentaba unha panadaría no barrio coruñés do Birloque. Unha veciña afábel, atenta; unha persoa "marabillosa", segundo a describían onte, ao saber do asasinato, veciños e veciñas.

A Mónica non a **acoitelaron** por ser afábel, ou quizais si. Nin por ser atenta, ter 52 anos, ser nai de 2 fillos ou rexentar unha panadaría. Ou quizais pode que tamén a **matasen** por todo iso. Mais a Mónica asasinárona por ser muller. Non é unha novidade. As cifras do **feminicidio** e da violencia machista están aí para quen non queira fechar os ollos.

O presunto asasino, a parella de Mónica, tiña antecedentes por violencia de xénero en relación a outras 2 mulleres. Un dato que, por arte de maxia, nunca falta quen o empregue para deitar sospeitas ou **culpabilizar** a propia vítima. En vez de empregalo para nos preguntar até que punto os machistas con antecedentes manteñen a súa rutina, a súa vida, a súa normalidade. Normalidade, esa é a palabra que nos debería aterrar.

Xesús M. Piñeiro. *Nós Diario* (17/09/2021)

Comprensión do texto de Xesús M. Piñeiro.

1.1. Explique brevemente a intención do autor ao escribir este artigo.

1.2. Explica o xénero discursivo e a tipoloxía textual á que pertence este texto.

1.3. Comente o sentido que teñen no texto as seguintes expresións:

- “para quen non queira fechar os ollos”
- “Normalidade, esa é a palabra que nos debería aterrar”.

1.4. Define as palabras que están en negriña

TEXTO 2

“A ausencia de educación sexual e afectiva favorece o sexismo, que por si mesmo é a antesala da violencia”. Esta afirmación recollida polo xornal *Libération*, foi realizada pola presidenta do Alto Consello para a Igualdade de Homes e Mulleres da República francesa. Con motivo do inicio de curso, o organismo emitiu un informe en que reclama dos poderes públicos que dean ao tema unha prioridade absoluta. E o ministro de Educación asinou unha circular para que nos centros escolares se dea cumprimento á lei de 2021 que fixa a realización de tres sesións anuais de educación sexual, algo que non se está a cumprir.

O informe alerta dos elevados índices de violencia sexual entre a mocidade e da alarmante falta de respecto a cuestións fulcrais como o consentimento. Manifestan que o ensino non está á altura (...). A propia Unesco confirma que a educación en sexualidade é beneficiosa para a saúde da mocidade e incide positivamente nos comportamentos sexuais.

E no Estado español? A educación sexual na nova lei deste goberno non pasa de ser un principio pedagóxico e un contido transversal. Abordábel desde calquera materia ou desde ningunha, pois a súa aplicación queda a criterio dos departamentos e, en última instancia, do profesorado. En definitiva, depende da vontade, e daquela tamén da ideoloxía, das persoas docentes. Docentes que, ademais, non fomos formados para iso. Deberíamos traer á actualidade o debate sobre a educación sexual nas aulas? Penso que si, pois a ausencia destes contidos no currículo non nos permite dar ferramentas “para desenvolver relacións sociais e prácticas sexuais respectuosas, para reflexionar sobre o impacto das súas eleccións..., para comprender os seus dereitos e defendelos ao longo da súa vida”, tal e como prevé a Unesco que faga a Educación Sexual Integral na escola.

Marta Dacosta en *Nós Diario* (05/11/24)

1. Indique nun liña o tema do texto.
2. Elabore un titular xornalístico que encaixe co artigo
3. Elabore un esquema de ideas principais e secundarias a partir do texto.
4. Elabore un resumo seleccionando as ideas principais e sen parafrasear o artigo. Extensión mínimo: 60 palabras.
5. Indique a intencionalidade do texto.
6. Indique e explique a tipoloxía textual e o xénero discursivo do texto. Extensión aprox: 60 palabras.

REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA

O PRONOME PERSOAL

		1ª persoa		2ª persoa		3ª persoa	
		Singula r	Plural	Singula r	Plural	Singula r	Plura l
FORMAS TÓNICAS	Suxeito	eu	nós nosoutros/as	ti vostede	vós vosoutros/as vostedes	el ela	eles elas
	Con prep./conx. libre	min	nós nosoutros/as	ti vostede	vós vosoutros/as vostedes	ela ela si	eles elas si
	Con prep./conx. ligado	comigo	connosco	contigo	convosco	consigo	
FORMAS ÁTONAS	ACUSATIVO	me	nos	te	vos	o/a	os/as
	DATIVO			che		lle	lles
	Reflexivo			te		se	se

AS FORMAS TÓNICAS

- **Vostede e vostedes** son formas de cortesía. Pertencen á 2ª persoa, mais esixen o verbo en 3ª persoa: *Vostede non ten moita educación.*
- **Nosoutros/as e vosoutros/as** son formas de plural exclusivo, xa que se refiren a un grupo restrinxido no que se inclúe o *eu*. Por exemplo, se estamos debatendo a data dun exame e unhas alumnas de Humanidades interveñen poderían dicir: *Nós temos exame de Lingua castelá o xoves* (nós=toda a clase), *pero nosoutras temos o de latín o mércores* (nosoutras=alumnas de Humanidades).
- Os pronomes **el/ela/eles/elas** contraen coas preposicións de e en: *A chaqueta que atopamos no patio é dela, de Uxía.*
- Algunhas formas dos pronomes tónicos teñen valores especiais:
 - **Plural de modestia** (*nós* por *eu*). O emisor réstase importancia dando ao afirmado o carácter de colectivo: *Realizamos un traballo estupendo.* = *Realicei un traballo estupendo.*
 - **Plural de maxestade** (*nós* por *eu*). Forma utilizada polos xerarcas para emitir mensaxes propias como se o fosen tamén dos seus súbditos ou se lle fosen outorgadas por un ser superior (Deus): *Nós, el Rei...*
 - **Nós complexo** (*nós* por *ti*). O emisor faise partícipe ou solidario co receptor: *Como estamos?* = *Como estás?*
 - **Plural sociativo** (*nós* por *eu*). O emisor pretende compartir co interlocutor determinadas

opinións, inquedanzas ou proxectos: *Encontrámonos ben, grazas.* = *Encóntrome ben, grazas.*

- **Ti por eu.** O emisor presenta con certo distanciamento unha acción implicando o interlocutor: *Vas a un país estranxeiro e o primeiro que sentes é morriña.*
- **El/ela por eu.** Fórmula ritual empregada en textos xurídico-administrativos: *D. Xosé Veiga, maior de idade, con DNI nº 89439209-H, expón.*

AS FORMAS ÁTONAS

CUESTIÓN DE USO

- **Uso das formas de 3ª persoa en CD.** Os pronomes de 3ª persoa presentan alomorfos:

Alomorfo	Contexto	Exemplo
<i>lo/la/los/las</i>	Verbo rematado en -r ou -s	<i>Traer a mochila = Traela</i> <i>Compras o pan = Cómpralo</i>
	Pronome rematado en -s (nos, vos, lles)	<i>Deilles un susto = Déillelo</i> <i>Mercounos un xersei = Mercóunolo</i>
	Adverbio interrogativo <i>u</i>	<i>U-lo sal? = Ulo?</i>
<i>no/na/nos/nas</i>	Verbo finalizado en ditongo	<i>Contou un chiste = Contouno</i>
<i>o/a/os/as</i>	No resto de casos	<i>Fixo os deberes = Fíxoos</i>

- Na lingua estándar debemos distinguir entre o uso de **lle** (a unha soa persoa) e de **lles** (a varias persoas): *Deilles aos meus sobriños uns bombóns de café, pero a Martina só lle dei un, porque lle sentan mal.*

Contracción cos pronomes de acusativo				
	O	A	OS	AS
LLE	llo	lla	llos	llas
LLES	llelo	llela	llelos	llelas

FORMAS DE ACUSATIVO

- As formas de acusativo adoitan ter función de Complemento Directo, mais poden ser tamén Atributo.

CD: *A Manuel non o vin en todo o día.*

Atributo: *Parece unha persoa tímida, pero en realidade non o é.*

- Os pronomes **me**, **nos** e **vos** poden desempeñar a función de CD e de CI. Para distinguilos cómpre pasar estes pronomes a 3ª persoa:

A enfermeira tomoume a temperatura = A enfermeira tomoulle a temperatura = CI

O taxi agárdanos na rúa = O taxi agárdaos na rúa = CD

- Nalgúns verbos (*chamar, imitar, querer, servir...*) a escolla entre acusativo e dativo implica un cambio de significado:
 - Chamar transitivo: Procurar que [unha persoa ou animal] acuda ou preste atención dicindo o seu nome en voz alta ou mediante sons ou exclamacións específicas. *Ela chamouno por teléfono urxentemente.*
 - Chamar intransitivo: 1. Aplicar a alguén ou a algo un nome ou un alcume. 2. Designar ou cualificar algo ou alguén como. *O rapaz enfadouse porque lle chamaron parvo.*
 - Imitar transitivo: Reproducir ou tratar de reproducir as características de algo ou alguén. *Ao rei ese humorista catalán imítao moi ben.*
 - Imitar intransitivo: Ter gran semellanza con outra persoa, no aspecto físico ou no moral. *A túa filla imítalle moito ao pai.*

FORMAS DE DATIVO

DATIVO DE SOLIDARIEDADE

Emprégase no rexistro informal cando o emisor pretende captar a atención do destinatario ou implicalo na acción. Só se empregan as formas de 2º persoa che, vos e as de cortesía lle, lles: *Haiche moito que facer nesta casa para que quede bonita.*

A súa eliminación non afecta substancialmente ao significado do enunciado. Non ten función sintáctica.

DATIVO DE INTERESE

Fai referencia á persoa que ten un especial interese na acción expresada ou nas súas consecuencias. Poden usarse as formas das seis persoas gramaticais (me, che, lle, nos, vos, lles): *Este neno non me come nada / Cando lles vivían os pais estaban moito mellor. Non ten función sintáctica.*

Os pronomes de solidariedade e de interese poden combinarse entre si: *O meu Antonio saíucheme moi traballador.*

DATIVO POSESIVO

Indica relación ou pertenza con palabras referidas a partes do corpo, parentesco, propiedades etc. *Pisoume a man/Roubáronche a carteira.*

FORMAS REFLEXIVAS

As formas reflexivas do pronome persoal indican que a acción expresada polo verbo e realizada polo suxeito recae sobre este mesmo, é dicir, un mesmo elemento é á mesma vez suxeito (axente) e o obxecto (paciente). A súa función sintáctica é a de CD, normalmente.

Xacobe e mais eu puxémonos na fileira da billeteira.

Elías considérase moi responsable.

- En galego é incorrecto o uso das formas reflexivas en función de CI cando temos xa na oración un CD expreso. Exemplo: **Lavouse os dentes pola mañá. / *Síntome moi ben cando ~~me~~ poño perruca. / *Fíxose un traxe na costureira. / *Imaxínate un mundo feliz. / *Saltouse un semáforo.*
- Algúns verbos que en castelán son reflexivos, non o son en galego: *adormecer, calar, caer, casar, espertar, ficar, marchar, morrer, parar, romper...*

- As formas reflexivas de plural (*se, nos e vos*) poden formar parte dunha **construción recíproca**: dous ou máis suxeitos realizan e reciben a acción mutuamente. Poden funcionar como CD (*Manuel e Santi bícanse no portal*) ou como CI (*Xoel e Uxía escribíronse cartas durante máis de 20 anos*).

VALORES DE SE

PRONOME	REFLEXIVO	O suxeito realiza unha acción que recae sobre si mesmo, é dicir, coinciden o suxeito e o paciente. <i>Queimouse fritindo uns ovos.</i>
		A súa función sintáctica é a de CD .
	RECÍPROCO	Dous ou máis suxeitos realizan e reciben a acción mutuamente.
		Poden funcionar como CD (<i>Manuel e Santi bícanse no portal</i>) ou como CI (<i>Camilo e Uxía escribíronse cartas durante máis de 20 anos</i>).
	PASIVA REFLEXA	Constrúese co pronome <i>se</i> + verbo transitivo en voz activa (3ª singular ou plural) que concorda co SUX paciente. Equivale a unha oración en voz pasiva na que se omite o C. AXENTE. <i>Recolléronse 20 kg de lixo na praia de Cesantes. / Na praia de cesantes foron recollidos 20 kg de lixo.</i>
		Non ten función sintáctica.
	IMPERSOAL REFLEXA	Constrúese co pronome <i>se</i> + verbo en 3ª singular (transitivo ou intransitivo), sen suxeito . <i>Nos concertos xúntase moita xente. / En Lugo cómese moi ben.</i>
		Non ten función sintáctica.
	VALOR PRONOMINAL	Forma parte de verbos pronominais como <i>preocuparse, queixarse...</i> <i>Preocúpanme os datos do paro deste mes.</i>
		Non ten función sintáctica.
CONXUNCIÓN	CONDICIONAL	<i>Se tes moita sede, podo darche un grolo de auga.</i> <i>Aprobarei se me esforzo moito.</i>
	COMPLETIVA	<i>Carlos preguntoume se o chamara onte.</i> <i>Quero saber se virás á festa de fin de ano.</i>

POSICIÓN DO PRONOME ÁTONO

A posición non marcada (“natural”) do pronome persoal é a enclítica (despois do verbo), mais pode ir en posición proclítica (anteposto ao verbo) nos seguintes casos:

○ **Oracións con verbo en forma persoal**

- En **oracións negativas** introducidas por adverbios, pronomes ou conxuncións con este valor (*nada, non, nin, ningún, nunca*): *Non me chamo Inés / Ninguén me avisou do cambio de data do exame.*
- Con **pronomes/adverbios interrogativos** ou **exclamativos** antes do verbo: *Canto o sinto! / Quen che dixo tal cousa?*
- En oracións de **desiderativas**: *Quen me dera ir de vacacións a Grecia! / Oxalá me escollan a min na entrevista de traballo.*
- En oracións **subordinadas** (que, porque, aínda que, se...): *Se me queres, cóntame a verdade / Ana confesoume **que** lle gusta ese rapaz louro.*
 - Se hai moita distancia respecto ao nexo, son posibles as dúas posicións.
 - Con *pois* nunca se antepón.
- Coa maioría dos **adverbios**: *acaso, aínda, até, axiña, bastante, ben, case, demasiado, deseguida, disque, enseguida, igual, inclusive, máis, mal, mesmo, quizais, seica, sempre, si, só, talvez, tamén, velaí, velaquí, xa* etc. *Axiña che traio o teu regalo / Xa me compraches o libro de inglés?*
 - A maioría dos adverbios de lugar e tempo non condicionan a colocación do pronome: *onte, hoxe, mañá, antes, ás veces, enriba, detrás, fóra, de súpeto, ademais...*
 - Tamén son un caso especial os adverbios *aquí, alí, aí, acó, aló acolá* e *así*.
 - Posición habitual: enclítica. *Alí falouse deste problema.*
 - Antecedén o verbo cando sinalan un pouco ou un lugar concreto. *Aquí cho deixo.*
- Os adverbios rematados en **-mente** provocan a próclise cando van integrados no enunciado. *Probablemente te equivoques con esa decisión / Definitivamente, equivocácheste.*
- Adverbios **logo** e **agora**: colócanse antes do verbo cando significan “axiña”.
- Cos **indefinidos**: *ninguén, ningún, nada, algo, alguén, ambos, calquera, entrambos, bastante, mesmo, todo*. Agás: *cada, certo, varios*. *Todo o mundo o viu atravesar a rúa co semáforo en vermello / Calquera llelo puido dicir.*
- Cando **enfatzamos** un elemento da oración: *Eu cho dei, non Pilar.*
- Cando os elementos da oración non seguen a orde lóxica (SUX PRED CD): *Moitas cartas che escribiu o teu mozo cando erades novos!*
- Oracións coordinadas. Van pospostos, cunha excepción, a conxunción *ou* se indica exclusión: *Ou vés connosco ou te pos a estudar.*

○ **Perífrases verbais**

PERÍFRASES DE PARTICIPIO

O pronome átono só pode colocarse co verbo auxiliar.

Afirm.: *Lévo feito ducias de veces.* **Levo feitoo ducias de veces.*
Neg.: *Non o levo feito ducias de veces.* **Non lévo feito ducias de veces.*

PERÍFRASES DE INFINITIVO E XERUNDIO

O pronome átono pode colocarse co verbo auxiliar ou co verbo auxiliado.

INFINITIVO	XERUNDIO
Afirm.: <i>Vou facelo moi ben / Vouno facer moi ben</i> Neg.: <i>Non o vou facer moi ben / Non vou facelo moi ben</i> <i>*Non vouno facer moi ben</i>	Afirm.: <i>Vai facéndoo / Vaino facendo</i> Neg.: <i>Non o vai facendo</i> <i>* Non vai facéndoo / *Non vaino facendo</i>
Cando a perífrase ten un nexo entre os dous verbos, o pronome tamén se pode antepoñer ao verbo auxiliado. Afirm.: <i>Hai que facelo / Hai que o facer / Haino que facer</i> Neg.: <i>Non hai que facelo / Non hai que o facer / Non o hai que facer</i> <i>* Non haino que facer</i>	

A INTERPOLACIÓN

Consiste na colocación de certos elementos entre o pronome persoal -en posición proclítica- e o verbo.

- Interpolación do pronome suxeito (ou complemento con preposición) entre o átono e o verbo: *O que che el conte non ten valor ningún.*
- Interpolación de adverbios ou de elementos en función de CC: *Se che nunca deran o carné!*
- Interpolación da partícula non: *Se me non contaran nada, estaría máis tranquilo.*

ACTIVIDADES DE PRONOMES

1. Indica que función teñen os pronomes

- Dilles que me estean quietos.
- Métemelle un gancho á cortina...
- Desaparecéumevos a libreta.
- O Pedro non che me toma os medicamentos.
- Esas sonche cousas que non gustan
- Preguntabas polo mozo? Pois aí cho vén.
- Hoxe Pepe vuvos todo guapo á clase.

- h. Alá vos vai Marta sen avisarnos de que marchara.
- i. O coche arránxaronmo no taller de Fuco
- j. Amarróuchelleme unha corda á gamela.
- k. A Uxía xa lle caeron dous dentes.

2. Sinala os valores do se en cada un dos enunciados

- a. Anoxouse sen motivo
- b. O can bañouse no río
- c. Xoán e Helena déronse unha aperta ben grande
- d. Queimouse e tivo que ir a urxencias
- e. A nai e o fillo quérense moito
- f. Arrepentiuse ao momento

3. Localiza os pronomes persoais das oracións e sinala a súa función.

- a) Encontreivos na casa almorzando.
- b) Nunca volo ensinarei!
- c) Xa se decidira a iso cando vós chegastes.
- d) Non mas poñas aí que estorban.
- e) Eles lavábanse sempre usando xabón do caro.
- f) Non chas quería nin regaladas.
- g) Vostede faga o que queira.
- h) Comigo aprenderás moito; logo, explicarasllo ao teu irmán.
- i) Caéuevos unha pedra grandísima.
- j) A ela recolleuna seu pai.
- k) Non lles teñas medo, que non te van comer.
- l) Vós nunca vos decatades do que pasa.

4. Identifica nestas oracións os dativos de solidariedade e de interese:

- a. Este café de hoxe non che está nada rico.
- b. Esa película que botan no cine éche moi divertida.
- c. O ladrón roubóuchelle o saxo ao músico.
- d. Non me saias da casa ata que eu volva.
- e. Rompéronllevos de novo o coche a Antón.
- f. Ultimamente o neno non me come nada.

g. A miña sobriña cántacheme moi ben.

5. Indica os valores de “se” nas seguintes oracións (valores pronominais ou conxuncións).

- a. Aquela tarde o ceo cubriuse de nubes negras.
- b. Xa o sabes, se me volves mentir, estás despedido.
- c. Falouse de moitos temas naquela reunión de delegados.
- d. Detectáronse movementos sospeitosos na casa daquela respectable muller.
- e. Agora non se saúdan, pero daquela axudáronse moito.
- f. Non me dixo se seguía saíndo con aquela rapaza alemá.
- g. Non se lle dixo nada máis á familia por respecto á súa intimidade.
- h. Con esta nova máquina, pódense elaborar 200 unidades ao mesmo tempo.
- i. Naquela tenda véndense as mellores rosquillas da vila.
- j. Ese can e ese gato sempre se están aloumiñando.
- k. Cibrán dúchase, aféitase e lava os dentes todos os días.

6. Transforma estas oracións comezándoas pola palabra que propoñemos en cada caso. Ten en conta o estudado sobre a colocación do pronome átono. Sigue o modelo.

Dareiche a receita. *Axiña che darei a receita*

Obrigábana a calar. Sempre...

Todos che piden que volvas. Eles...

Contoumo teu tío Alberte. Xa...

Chámame despois das dez e media. Nunca...

Ninguén volas dará de balde. Laura...

Dixéronmo a min. Tamén...

7. Sinala o valor correspondente a cada “que”.

- a) Non me preocupa que a profesora cambie o exame de día.
- b) Déixamo a min, que ti vas escarallalo todo.
- c) O profesorado aínda non sabe que vai pasar ao final do curso.
- d) Que camiseta tan bonita!
- e) O verdadeiro motivo da súa fuxida é que é un covarde.
- f) Aínda non apareceu a persoa á que lle tocaron 8 millóns de euros esta semana.
- g) Os arquitectos cos que conto para este proxecto son da miña enteira confianza.

- h) Os edificios deste barrio son menos modernos do que esperaba...
- i) Que decepción! Estou tan cansa que vou coller dúas semanas de vacacións.
- j) Achégate, que che vou contar un segredo.
- k) A experiencia demostroume que non me debo fiar das túas promesas.
- l) Que ocorreu aquela noite no peirao vello?
- m) Teño que empezar a facer exercicio dúas veces á semana, como mínimo.
- n) Marcho, que teño que ir coidar a miña irmá pequena.
- o) Que me contes a verdade é a única forma para perdoarte.
- p) Martina xa é máis alta que a súa nai.
- q) Antía insistiu en que non precisaba absolutamente nada.
- r) En que academia estás a preparar a selectividade?
- s) A ciclista que gañou a proba o domingo leva xa varias vitorias.
- t) Espero que fagas os exercicios atentamente.

TAREFAS ABAU

8. Comenta as tres formas se que aparecen nas liñas 17-18 do texto: indica a que clase e subclase de palabra pertence cada unha delas..

Non sei se todo o que acabo de describir vos soa (liña 17)

[...]exemplo de premonición literaria ou, se se prefire, de videncia autorial (liña 18)

9. Nas liñas 10 e 12 aparece a forma che empregada con dous valores claramente distintos. Coméntaos explicando por que son diferentes.

“—Mira, Vanesa, eu non che teño a culpa de que alucines coa túa nai e co que pasa! E se non lle queres falar, alá ti. Ela seguramente fixo o que tiña que facer, e eu estou ocupadísimo traballando. Pero ocupadísimo, entendes? Así que... Mira, vouche solucionar o teu problema de vez.”

10. Fíxate nas cinco formas marcadas. Identifica o tipo e subtipo de palabra que é cada unha delas (ex., conxunción disxuntiva).

“Recolleu o caderno e foi cara á portería. O peito estaba botado cun enorme cadeado. E alí non había ninguén. O pintor chamou polo celador, primeiro a modo, logo a voces. Pasados uns minutos, veu un home risoño, novo pero traxado, **que** lle preguntou **qué** pasaba. O pintor díxolle **que** era pintor, **que** viñera alí con permiso para retratar os doentes e **que** se despistara coa hora.”

11. Explica a posición dos pronomes átonos; de haber outra posibilidade diferente, indícaa.

- a) Desde aquí vénsevos ben todos os bailaríns.
- b) Aquí non se vos atopa peixe fresco tan facilmente.

- c) Desde aquí vénsevos ben todos os bailaríns.
- d) Aquí non se vos atopa peixe fresco tan facilmente.
- e) Logo se esqueceu do que lle dixeches!
- f) Nin cho dixo a ti nin quero que mo diga a min
- g) Gustárame probalas, se non lle importa
- h) Ao te chamar descubrimos que te castigaran
- i) Has de collelo e poñelo no andel máis alto para que non lle chegue o neno
- j) Amañalo é o que ten que facer.
- k) Viuno chegar pero logo o sentiu marchar.
- l) Logo axúdoche, que agora estou ocupada.

12. Analiza os pronomes persoais átonos do seguinte poema e xustifica a súa posición con respecto ao verbo. É posible cambiar a posición do pronome do verso 4? Varía o significado? Cambia os fragmentos marcados en negra por pronomes persoais.

A memoria é o **espacio da reapropiación**.

Vivo para contalo. Gardo **tódalas fotos**

para as que me pediron que sorrira.

Agora me decato de que endexamais prescindín

do trazo, da impiedade.

Porque a caligrafía consiste na ilusión de que non nos torcemos.

Nin os cadernos rubio darán ocultado

que o carbón mancha **a pel**

e que a mina se crava con frecuencia

no páncreas do inimigo.

Agás no teu. Arrincáronche **os ollos** e iso faite inmortal.

(entón ela abateuse postrándose por terra e díxolle:

– ¿por que atopei **benquerencia aos teus ollos**

para reparares en min,

sendo como son

unha estranxeira?)

María do Cebreiro, *O estadio do espello*

13. Substitúe o CD e o CI por pronomes átonos e volve escribir as oracións resultantes:

1. Amelia por fin atopou o agasallo perfecto para os seus curmáns.
2. Todas as noites le un conto a Mario.
3. Xa me contaron que Xael perdeu o avión.
4. Por traeres estes traxes a Loreto estarache eternamente agradecida.
5. Velaquí tes a compra da semana.
6. Varias familias reclamaron as subvencións á Consellería.
7. Con estes papeis podes facer un cartel para nós.
8. Onte reservaron as entradas para o concerto.
9. Talvez deixen esta bolsa con xoguetes na casa para ti.
10. Sempre di as mesmas bromas.

14. Indica os valores do *se*. Sempre que sexa posible, sinala a súa función sintáctica.

Anoxouse sen motivo.

O can bañouse no río.

Xoán e Helena déronse unha aperta ben grande.

Queimouse e tivo que ir a urxencias.

A nai e o fillo quérense moito.

Arrepentiuse ao momento

Agora non se saúdan, pero daquela axudáronse.
Di que non se arrepite do que fixo.
Sempre se ducha pola noite.
Ese can e ese gato sempre se están aloumiñando.
Non se laiou en absoluto.
Peitéase devagar.
Xoel e Laura respéctanse.
Pai e fillo parécense moito.
Carlos e Iván cortábanse o cabelo durante o confinamento.
Xiana pórtase ben.

15. Explica a posición dos pronomes. De haber dúas posibilidades, comenta a que se debe iso.

*Non **nos** deu as grazas.*

*Ninguén **cho** dixo.*

*Nin **me** queres nin **te** quero*

*Quen **o** fixo?*

*Como **o** sinto!*

*Oxalá **me** cambien o exame!*

*Deus **lle** perdoe*

*Dixeron que **o** viran de esguello.*

*Dixeron que agardando número na peixaría do súper vírano/**o** viran de esguello.*

Xa sabes que... fixolle sufrir moito

Collín as túas chaves, pois decateime de que extraviara as miñas.

*Dúas veces **llo** dixo.*

*El **o** quixo así.*

*Antes de **o** coller// Antes de collelo.*

*Ninguén **o** viu*

*Algúns **o** viron// Algúns vírono*


Cada día recólleas na praza.

Varios víronas paseando xuntas.

Onte certo veciño chiscoulle o ollo.

AS RELACIÓNS SEMÁNTICAS

A semántica é disciplina lingüística que se ocupa do estudo do significado dos signos e das relacións que estes teñen entre si. O signo lingüístico compónse de:



Dentro do significado debemos distinguir entre:

Significado **DENOTATIVO**, é dicir, o significado que aparece nos dicionarios, obxectivo e compartido por todos os falantes.

Por exemplo, *mar* “masa de auga salgada que cobre boa parte da superficie terrestre”.

Significado **CONNOTATIVO**, isto é, o significado adicional que se engade ao significado base, polo tanto, é o significado subxectivo asociados a valores de moi diversa índole: afectivos, estilísticos, ideolóxicos, culturais...

Por exemplo, *ter un mar de traballo* “moita cantidade”

EXEMPLO:

Aquel **home** foi o responsable do accidente

Home= “humano” “macho”

Aquel **fulano** foi responsable do accidente

Fulano= “humano” “macho” (+despectivo) (+coloquial)

A semántica, co obxecto de estudo os significados (conceptos ou contidos mentais non-perceptibles directamente), desenvolveu un método de análise que permite estudalos, clasificalos e relacionalos entre si.

Así, desenvolveron o concepto de **SEMAS**, é dicir, conxuntos de trazos significativos mínimos. Polo tanto podemos descompoñer o significado das palabras en elementos significativos mínimos.

Por exemplo, home descomponse no sema1 “humano” e no sema2 “macho”.

Outro concepto importante é o de **CAMPO SEMÁNTICO**, conxunto de palabras que comparten un mesmo sema e que se opoñen entre elas por presentaren outros semas diferentes.

• Semas:

- s₁: ‘obxecto construído para se sentar a xente’
- s₂: ‘con respaldo’
- s₃: ‘para unha persoa’
- s₄: ‘con brazos’
- s₅: ‘con patas’
- s₆: ‘feito de material duro’
- s₇: ‘baixo’

Por exemplo, campo semántico de “asento”

	s ₁	s ₂	s ₃	s ₄	s ₅	s ₆	s ₇
cadeira	+	+	+	–	+	+	–
banco	+	(+)	–	–	+	+	–
banqueta	+	–	+	–	+	+	–
sofá	+	+	–	+	+	–	–
poltrona	+	+	+	+	+	–	+
escano	+	+	–	–	+	+	–
tallo	+	–	–	–	+	+	+

RELACIONES DE OPOSICIÓN


ANTONIMIA

É a relación que se establece entre dous signos pola oposición de significados.

OPOSICIÓN GRADUAL

A relación desta oposición é diversa. En base a isto os lingüistas estableceron tres clase de antonimia

Estas relacións non se fundamentan na oposición de propiedades absolutas, senón en trazos graduais. Este carácter de gradación permite atopar outros termos intermedios.



COMPLEMENTARIOS


Dáse entre significados que manteñen unha oposición ou negación mutua, é dicir, a afirmación dun deles supón a negación do outro como no caso de vivo/morto.

Non admite gradación

Falar/calar

Ausente/presente

Aprobar/suspender




RECÍPROCOS

Prodúcese este tipo de oposicións con palabras que expresan unha relación dalgún tipo entre dous elementos (causas, procesos...). Estas relacións implícanse mutuamente e non poden ser entendidas por separado.

Tía/sobriña


Comprar/vender

Marido/esposa




RELACIÓNS DE INCLUSIÓN

O significado dunha palabra está incluído no significado da outra



O significado dunha palabra está incluído no significado de outra.



Hiperonimia: é a relación que se establece entre un signo de significación extenso ou xeral e outro de significado máis concreto ou específico incluído dentro del.

Así, peixe (hiperónimo) de xurelo.

Hiponimia: é a relación inversa, é dicir, a que se establece entre un signo con significado concreto e específico e outro cun máis amplo e xeral que abrangue o anterior.

Por exemplo, xurelo (hipónimo) de peixe.

Cohopinimia: é a relación que se establece entre hipónimos que comparten un mesmo hiperónimo.

Así son cohipónimo xurelo e sardiña, meiga, ollomol.

RELACIÓNS DE SIGNIFICADO

SINONIMIA

Relación que se establece entre dous signo que tendo distintos significantes comparte un mesmo significado. Por exemplo, *lucecu* e *vagalume* como insectos da orde dos coleóptero, semellante a un verme cun abdome de forma alongada que emite luz.

Os sinónimos poden ser:

PERFECTOS OU TOTAIS

Son pouco frecuentes na lingua
 Poden intercambiarse en todos os contextos
 Comparten mesmo significado denotativo e connotativo

Por exemplo, *vagalume* e *lucecu* ou *contestar* e *responder*

IMPERFECTOS OU PARCIAIS

Son os máis abundantes
 Poden intercambiarse nalgúns contextos

Por exemplo, *morrer* (-culto) e *falecer* (+culto) ou

Corta e amputar (*cortaron/amputaron a perna* pero *Cortar a torta* e non *amputaron* a torta*)

POLISEMIA

HOMONIMIA

Estes dous tipos de relacións semánticas **teñen en común a súa orixe** na propia evolución histórica e a asociación de significados distintos a un mesmo significante. Porén, son **fenómenos distintos**.

Relación oposta á sinonimia, é dicir, a un mesmo significante correspóndelle dous ou máis significados.

FOLLA

significante

Significado1:
parte das
plantes

Significado2:
lámina de
papel

Significado3:
lámina
metálica

Xorde cando unha palabra vai gañando novos significados e acepcións ao longo da historia

Aparecen unha entrada única no dicionario

Desde o punto de vista diacrónico estamos ante dous signos distintos. Ao longo da evolución histórica, **dúas palabras distintas coincidiron casualmente na súa forma**

TEA

Latín: TELAM

Significante 1

Significante 1

Tecido feito
con fíos de liño,
lá, algodón...

Aparecen en entradas distintas no dicionario

TEA

Latín: TAEDAM

Significante 2

Significante 1

Pau con lume
que se usa para
alumar

CAMBIOS SEMÁNTICOS E CAUSAS

A complexidade e variedade das evolucións semánticas é moi grande. As causas destes cambios poden clasificarse en catro tipos:

HISTÓRICAS

Co paso do tempo, é frecuente a evolucións de obxectos, costumes...estas transformacións provocan a aparición de novas palabras e, máis acotío, ampliación de significados. Por exemplo, pluma 'apéndice da pel das aves' pasou a 'aparello que serve para escribir' porque as plumas das aves se empregaron para isto debido a súa forma.

LINGÜÍSTICAS

Derivan das asociacións que as palabras contraen entre si na fala. Un dos recursos que xera este tipo de cambios é a elipse: un elemento gaña significación da voz elidida. Por exemplo: (*tarxeta*) *postal* en só *postal* ou (*cigarro*) *puro* en *puro*

SOCIAIS

As sociedade rexeitan certas formas coñecidas como tabú, xorden entón unha voz que as substitúe, o **eufemismo**. Así cego substitúese por invidente. O fenómeno contrario é coñecido como **disfemismo**, de *coche* a *carrilana*.

PSICOLÓXICAS

Asociacións mentais provocan que algunhas palabras cambien ou amplíen a súa significación. Os mecanismos que provocan estes cambios son a metáfora e a

metonimia. Así, *dente* ‘da boca’ designa tamén ‘o de allo’ ou *ribeiro* ‘comarca’ e ‘viño desa comarca’ (metonimia en relación a súa orixe-produto).

ACTIVIDADES

1- Localice no texto tres palabras pertencentes ao mesmo campo semántico. Indique se aparece tamén o seu hiperónimo e, de non ser así, propoña un. (ABAU 2021- xuño)

A perfección non existía. De quen era a culpa de que ela non fose perfecta? Non obstante, os seus seguidores non tiñan por que sabelo, Bieito sempre llo dicía. O que comezara como unha simple diversión había sete anos, colgando fotos súas nas redes co modelíño que levar tal ou cal día, agora era un traballo profesional pagado con centos e mesmo miles de euros por imaxe subida, se o patrocinador era potente. Nunca tivera as cifras moi claras; esas cousas sempre as levara el. O único que sabía era que ía case polo medio millón de seguidores. Colleu o móbil do estante e mergullouse na nata artificial, tapando os puntos estratéxicos do corpo. Aquí vese demasiado, aquí demasiado pouco. Así. Estirou o brazo e sorriu de xeito suxerinte. Había moito tempo que non se fotografaba polo simple pracer de facelo, sempre dirixida polas profesionais que controlaba Bieito. Fotógrafa, perruqueira, maquilladora... Había que darlle unha imaxe máis sofisticada ao blog, dicía el. Puxo a cámara interna. As imperfeccións non tiñan importancia se ninguén sabía delas. Se medio millón de persoas dicían que eras perfecta, tanto tiña como te vises ti. Sacou a foto e subiuna ao blog de inmediato. Seguramente algún diría que o fixera para anunciar a máscara de pestanas que provocaba a súa sensual caída de pálpebras, ou a pasta dentífrica branqueadora que facía que a perfecta dentadura reflectise a luz do flash. Mellor que pensasen iso que o que realmente se agochaba detrás: que deixara de ter control sobre a súa propia vida e que aquela pequena falcatruada lle lembraba que aínda podía facer algunha que outra cousa sen pedir permiso.

Antía Yáñez. Senlleiras

2- Identifica no texto cinco palabras pertencentes ao mesmo campo semántico, das cales unha debe ser o seu hiperónimo (identifícaa como tal) e as catro restantes hipónimos seus. (ABAU 2017: xuño-opción A)

O gastrónomo estaba francamente anoxado. Pediu a conta para marchar canto antes. Co enfado, comezaba a revolvérselle o estómago. Naquel restaurante eran uns simples traficantes de comida e iso el non o soportaba. El, Cordon de Ouro da Gastronomía Hispánica. Pedira un dos pratos máis delicados, lacón con grelos e nata feitos na súa propia xelatina, recheos con pasas gratinadas e servidos con culi de perdiz aromatizado de lombarda e castañas do Courel, e estaba francamente mal preparado. Pareceulle especialmente reprochable o exceso de cocción nas patacas, pero tamén lle desagradou o desproporcionado das gornicións. E, por se fose pouco, discutíranllo. A el, que era Pano de Ouro da Escola de Hostalaría de Bordeaux. Así que pagou e saíu do local. O enfado alteráralle o sangue e sentía incómoda a dixestión. Por veces odiaba a súa profesión. Meteuse no coche para afastarse de alí canto antes. Pero polo camiño foise sentindo peor. O enfado provocáballe náuseas. Cada vez que se lembraba do intolerable exceso de cocción das patacas sentía a molestia da comida a fedellarlle no ventre. Coa rabia, estaba empezando a descompoñerse. De súpeto, non puido aguantar máis. Quixo parar o coche para saír, pero non lle deu tempo. Cando se deu conta xa o vomitara todo sobre o volante. Poucas cousas hai máis duras que a vida dun gastrónomo.

Fran Alonso, en *Dorna* 27 (2001)

3- A partir do significado que posúen no texto, indica dous sinónimos de cada un dos seguintes termos: *itinerario* (l. 8), *auxilian* (l. 10), *terapia* (l. 11), *engancheime* (l. 14) e *acotío* (l. 15). (PAU 2012: setembro-opción B)

Paso moitas horas ao día dentro desta cabina laranxa, na peaxe da autoestrada, aburrido. Os meus compañeiros xa me recomendaron que buscasse algo para entreter me nas horas de menos tráfico. Algúns teñen unha televisión portátil, outros escoitan a radio e mesmo hai unha rapaza que le algún libro. A min encantaríame ler, mais non me dou concentrado, detesto que interrompan o curso dos meus pensamentos, e a chegada dun coche significa un descenso brusco á vida real. De modo que, tras darlle voltas a primeira semana, crín que sería unha boa idea observar os condutores, analízalos. Os que pasan todos os días prefíren a telepeaxe, é unha mágoa porque neses daría reparado facilmente. Aínda así, acadei o meu obxectivo. Os que repiten o itinerario con frecuencia xa me son familiares.

O caderno onde escribo é azul escuro, ten un coello branco na tapa de diante e un código de barras na parte de atrás. Nestas follas de celulosa cuadrículadas atópanse as letras que trazo e que me auxilian nesta terapia necesaria. A miúdo estou obrigado a facer escritura automática, enlazo as primeiras ideas que me veñan á cabeza e plásmoas no papel.

Os colegas de traballo dinme que me deixo de lerías e fantasías, e que me ocupe a mente en tarefas máis mundanas. Pero engancheime a escribir neste caderno, e agora non podo deixar de imaxinar a vida dos que acotío desfilan fronte á cabina. Xa conformaron a miña mente pequenas celas, con cadansúa etiqueta, onde os mínimos detalles moldean a existencia deses rostros anónimos que tanto significan para min. Velaí os auténticos protagonistas, o alimento do meu maxín, a miña táboa de salvación.

O día en que non vexo esas caras que coñezo, o fatídico día que escollen outra cabina, non durmo ben, soño que estou en Berlín e sufro un pesadelo recorrente no que derrapo nun circuíto labiríntico, ategado de curvas.

Santiago Lopo, *Peaxes* (2009)

4- Identifica no texto anterior cinco substantivos pertencentes ao campo semántico “accidentes xeográficos”. Engade ti outros cinco máis. (PAU 2014: setembro- opción B)

- As illas da costa galega comparten unha serie de características e valores naturais, aínda que cada unha delas ten a súa propia identidade. Poderíamos consideralas un só espazo natural aínda que se atopen moi dispersas no litoral. Unicamente a illa de Cortegada, coas condicións climáticas diferenciais causadas pola súa localización no interior da ría de Arousa, concretamente no esteiro do Ulla, non encaixaría no modelo xenérico de illa atlántica galega. Cortegada ten o perfil chairro habitual das illas fluviais e está abundantemente arborada, o que a diferencia das demais, caracterizadas polos cantís rochosos recubertos, en parte, por unha vexetación de cantil adaptada a soportar os fortes ventos oceánicos cargados de auga salgada. Ademais, a vexetación arbórea na maioría destas illas adoita ser pobre, mentres que as matogueiras e a flora de cantil son abundantes.
- Os maiores valores naturais que albergan as illas atlánticas, á parte dos evidentes paisaxísticos, son, por unha banda, a enorme riqueza e biodiversidade dos ecosistemas submarinos asociados, e, por outra banda, as abundantes colonias de aves mariñas que as utilizan como zona de cría ou de paso nas diferentes estacións do ano.

5- Indica un antónimo das seguintes 10 palabras (inclúese o contexto, pero ti só tes que poñer o antónimo da palabra destacada). (PAU 2013: setembro-opción A)

- enfermidade **rebelde** aos tratamentos
- peixes **minúsculos**
- peixes **voraces** substancia
- que fai **remitir** as lesións
- **reiterados** intentos
- axente químico **benéfico**
- ver con **claridade**
- resultados **positivos**
- culturas tan **separadas**
- proceso **analítico**

LINGUA E SOCIEDADE

O GALEGO, LINGUA EN VÍAS DE NORMALIZACIÓN

Cando se producen contextos diglósicos, existe unha lingua, a dominante, que goza do prestixio social e se emprega para os usos formais, e outra lingua, a minorizada, que se reserva para a comunicación coloquial e que adoita sufrir numerosos prexuízos lingüísticos. Esta situación acostuma provocar o inicio dun proceso de substitución lingüística da lingua minorizada, que só se pode reverter grazas á súa normalización.

Entendemos por **normalización** o proceso levado a cabo nunha comunidade lingüística para promover o uso e igualdade funcional da súa lingua con respecto a outra coa que está en contacto (RAG).

No caso da lingua galega, despois do período negro que supuxo a ditadura franquista, a chegada da democracia instaurou un novo contexto. A **Constitución de 1978** estableceu un novo marco legal para o galego: o idioma pasa a ser oficial xunto co castelán dentro de Galicia. A oficialidade da lingua refórzase no **Estatuto de Autonomía de Galicia (1981)**, que recoñece o galego como lingua propia de Galicia, e promociónase grazas á **Lei de normalización lingüística (1983)**, a cal senta as bases para normalizar o uso social do idioma.

Constitución española (1978)

Artigo 3

1. O castelán é a lingua oficial do Estado. Todos os españois teñen o deber de coñecela e o dereito de usala.
2. As outras linguas españolas serán tamén oficiais nas respectivas comunidades autónomas de acordo cos seus respectivos Estatutos.
3. A riqueza das distintas modalidades lingüísticas de España é un patrimonio cultural que será obxecto de especial respecto e protección.

Estatuto de Autonomía de Galicia (1981)

Artigo 5

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilita-lo seu coñecemento.
4. Ninguén poderá ser discriminado por causa da lingua.

Lei de normalización lingüística (1983)

Artigo 1

O galego é a lingua propia de Galicia. Tódolos galegos teñen o deber de coñecelo e o dereito de usalo.

Artigo 3

Os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ningún sexa discriminado por razón de lingua.

Co fin de apoiar a Lei de normalización lingüística, aprobouse no ano 2004 o exhaustivo **Plan xeral de normalización da lingua galega** (non lexislativo), que recolle máis de 400 medidas para normalizar o idioma en sete sectores sociais estratéxicos (administración; educación, familia e mocidade; economía e industria; medios de comunicación e industrias culturais ...). Este plan, que non está a ser tido e conta polo actual goberno galego, propoñíase os seguintes obxectivos:

- Garantir a posibilidade de vivir en galego a quen así o desexe, sabendo que conta co amparo da lei e das institucións.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.
- Introducir na sociedade a oferta positiva de atender o cidadán ou o cliente en galego como norma de cortesía dun novo espírito de convivencia lingüística.
- Promover unha visión afable, moderna e útil da lingua galega que esfarele prexuízos, reforce a súa estima e aumente a súa demanda.
- Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.

Alén destes documentos propios, existen outros textos oficiais de ámbito internacional que recollen os nosos dereitos lingüísticos. Son:

- **A Carta Europea das linguas Rexionais ou Minoritarias (1992)**

Preámbulo

“o dereito de practicar unha lingua rexional ou minoritaria na vida privada e pública constitúe un dereito imprescritible”

Artigo 7. Obxectivos e principios

- c) A necesidade dunha acción decidida de promoción das linguas rexionais ou minoritarias co fin de salvagardalas.
- d) A facilitación e/ou fomento do uso oral e escrito das linguas rexionais ou minoritarias na vida pública e na vida privada.

Artigo 10

1. Todas as comunidades lingüísticas son iguais en dereito.
2. Esta declaración considera inadmisibles as discriminacións contras as comunidades lingüísticas baseadas en criterios como o seu grao de soberanía política, a súa situación social, económica ou calquera outra, así como o nivel de codificación, actualización ou modernización que conseguiron as súas linguas.

- A Declaración Universal de Dereitos Lingüísticos (1996)

DECRETO 79/2010 PARA O PLURILINGÜISMO NO ENSINO NON UNIVERSITARIO

Artigo 3º.- A lingua na Administración educativa.

1. Na Administración educativa de Galicia e nos centros de ensino sostidos con fondos públicos utilizarase, con carácter xeral, a lingua galega e fomentarase o seu uso oral e escrito, tanto nas relacións mutuas e internas como nas que manteñan coas administracións territoriais e locais galegas e coas demais entidades públicas e privadas de Galicia, sen que iso supoña unha restrición dos dereitos do persoal docente.

3. Nas actuacións administrativas de réxime interno dos centros docentes indicados no punto 1 deste artigo, como actas, comunicados e anuncios, usarase, con carácter xeral, a lingua galega.

Artigo 7º – Educación secundaria obrigatoria.

3. Impartiranse en galego as materias de Ciencias sociais, Xeografía e historia, Ciencias da natureza e Bioloxía e xeoloxía, e en castelán as materias de Matemáticas, Tecnoloxías e Física e química.

4. Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúan na mesma porcentaxe de horas semanais...

Art. 8 – Bacharelato

Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, establecerá unha oferta equilibrada na mesma porcentaxe de materias comúns, de modalidade e optativas para impartir en galego e en castelán.

Para normalizar unha lingua cómpre **actuar en 3 planos**:


- Plano institucional: no que actúa a Xunta, os concellos, as deputacións etc.
- Plano social: no que interveñen asociacións (A Mesa pola Normalización Lingüística, Prolingua...), empresas etc. que contribúen á visibilización e uso da lingua.
- Plano individual: depende da vontade de cada individuo de revitalizar a lingua no seu día a día.

Nestes 40 anos de normalización o galego afianzou a súa presenza no eido cultural, nos medios de comunicación autonómicos e no ensino, aínda que neste último ámbito está a observarse un retroceso no seu emprego, en boa parte por culpa da aplicación do Decreto do plurilingüismo (Decreto 76/2010). Pola contra, a súa presenza aínda é anecdótica no eido xudicial, no mundo do consumo ou nas aulas universitarias.

Ademais, hai unha evidente falta compromiso de parte da administración galega e unha escasa planificación do proceso que atalle a perda de novos falantes da que advirte o IGE, o principal reto ao que se enfronta a lingua na actualidade.

ACTIVIDADES

1. Que diferenzas observas entre as leis estatais e autonómicas en canto ao estatus legal da lingua galega?
2. Que medidas do Decreto do plurilingüismo cres ti que limitan a normalización do galego no ensino?
3. Nas seccións de “Ensino” e “Sociedade” do *Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega* busca dúas medidas propostas, sinala para que área concreta se propuxeron e valora se se implantou ou non a dita medida.
4. Analiza o seguinte gráfico sobre a lingua na que se desenvolven mellor para falar segundo a idade (IGE, 2018) e sinala cales poden ser as causas da situación descrita (mínimo dúas). (Extensión aprox. 250 palabras)



Azul: galego


Vermello: castelán

Laranxa: nas dúas igual

5. Nun traballo do ano 2003 Abrams e Strogatz analizaron a interacción de dúas linguas empregando modelos matemáticos. A idea foi estudar a coexistencia de dous grupos monolingües nun determinado territorio. Empregaron datos para o gaélico escocés, o quechua mais o galés para as súas simulacións. Dous anos máis tarde os científicos galegos Jorge Mira e Ángel Paredes fixeron unha análise supoñendo que houbo un grupo de persoas bilingües.

Na gráfica pode observar como evolucionaron os tres grupos lingüísticos desde o ano 1875, ano aproximado do nacemento dos seus tataravós, ata o ano 2005, ano próximo ao do seu nacemento.

Para cada grupo está representada a porcentaxe no total que representa. Deste xeito, no ano 1875 o 88,5% da poboación era monolingüe en galego, fronte ao 16,5% do ano 2005, segundo o Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega. Os puntos azuis, cadrados laranxas ou rombos ilustran os valores exactos, mentres que as tres curvas recollen as aproximacións obtidas por Jorge Mira e Ángel Paredes, que permiten inferir tendencias e conxecturar o desenvolvemento futuro.



Escriba un artigo de opinión co título “**A desertificación do galego no momento actual e tendencias futuras**”, tendo en conta o matiz de significado sinalado no texto, no que se indiquen fortalezas e debilidades da normalización lingüística á vista do que se reflicte no gráfico. Achegue dúas posibles solucións, como mínimo, que ao seu xuízo poidan reverter a perda de falantes que se sinala.

O texto resultante deberá contar con: introdución, dúas partes, correspondentes a dous argumentos como mínimo, e conclusión. Extensión aproximada: 200 palabras (equivalente a 25 liñas cunha caligrafía de 8 palabras por liña).

EDUCACIÓN LITERARIA

TEMA 5. A POESÍA ENTRE 1936 E 1975: A XERACIÓN DO 36, A PROMOCIÓN DE ENLACE, XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS

O brillante panorama acadado pola literatura galega a comezos do século XX viuse truncado pola Guerra Civil e posterior ditadura. A cultura galega trasládase ao exilio onde poetas como Luis Seoane ou Lorenzo Varela crean poesía crítica. Mais aquí debemos agardar ata 1947 para que se publique o primeiro libro en galego: *Cómaros verdes* de Aquilino Iglesia Alvariño. Cómpre sinalar como o feito máis decisivo para a recuperación da nosa poesía a fundación da editorial Galaxia, en 1950, arredor dela se agruparán autores relacionados co galeguismo e actuará como núcleo do labor cultural galeguista.

Este silencio literario en Galicia (1936-1950) provoca que coincidan publicando en 1950 tres xeracións poéticas: a Xeración do 36, Promoción de Enlace e Xeración das Festas Minervais.

XERACIÓN DO 36

Á Xeración do 36 pertencen os poetas nados entre 1910 e 1920 formados baixo a influencia directa da Xeración Nós e das vangardas. Supoñen unha ponte entre a literatura de preguerra e as promocións máis novas.

➤ Tendencias literarias desta xeración

As tendencias poéticas que seguiron estiveron coaccionadas polo réxime franquista en tres vías:

- a) Predominio de **contidos paisaxísticos e intimistas**.
- b) Poesía **neotrobadoresca**, sen os valores **vanguardistas** que a fixeron singular na época de preguerra.
- c) Poesía **existencialista e relixiosa**, acompañada dun forte pesimismo (motivado quizais polos millóns de mortos e pola miseria humana que sementaron os fascistas).
- d) poesía **socialrealista**, que supuxo a recuperación de poesía cívica perdida desde Ramón Cabanillas.
- e) Poesía **clasicista**, referencias á grandes clásicos artísticos e filosóficos.

➤ **Escritores que pertencen á Xeración do 36**

- **ÁLVARO CUNQUEIRO** escribe en 1950 *Dona do corpo delgado*, obra que pertence ao **neotrobadorismo** de posguerra, máis apegado ao modelo medieval, menos innovador (xa visto en temas anteriores).

XOSÉ M^a DIAZ CASTRO

É autor dunha única obra, *Nimbos* (1961), onde destaca a **relixiosidade**. Rebélase contra a vida moderna e

materialista para o cal emprega dous símbolos: a **luz**, relacionada con Deus e co espírito, e a **sombra**, relacionada co mundano e materialista. Tamén amosa a súa **preocupación por Galicia** e polos problemas básicos do ser humano: **a vida, a morte e o tempo**.

“Penélope”

Un paso adiante i outro atrás, Galiza,
i a tea dos teus sonos non se move.
A espranza nos teus ollos se esperguiza.
Aran os bois e chove.

Un bruar de navíos moi lonxanos
che estrolla o sono mol como unha uva.
Pro ti envólveste en sabas de mil anos,
i en sonos volves a escoitar a chuva.

Traguerán os camiños algún día
a xente que levaron. Deus é o mesmo.
Suco vai, suco vén, Xesús María!,
e toda a cousa ha de pagar seu desmo.

Desorballando os prados coma sono,
o Tempo vai de Parga a Pastoriza.
Vaise enterrando, suco a suco, o Outono.
Un paso adiante i outro atrás, Galiza!

Xosé María Díaz Castro, *Nimbos*



Ilustración 1: Guitiriz, 1914 a Lugo, 1990

Trátase dun soneto que utiliza a historia de Penélope como metáfora da historia de Galicia. A longa espera deta muller por Ulises, mentres tece e destece nun pano, seméllase á espera de Galicia por uns tempos mellores. O pano é a metáfora do vivir e da historia galega: un vivir monótono (*aran os bois e chove; vaise enterrando o Outono*) e sen apenas avances neste país case inmobilizado (*un paso adiante i outro atrás, Galicia/ i a tea dos teus ollos non se move; suco vai, suco vén*).

AQUILINO IGLESIAS ALVARIÑO

O seu labor literario abrangue dúas épocas, a de preguerra e a de posguerra, as dúas marcadas

pola súa formación clásica no Seminario de Mondoñedo que lle permite coñecer autores gregos e latinos. En *Señardá* (1930) e *Corazón ao vento* (1933) recrea unha poesía **paisaxística** tamén abordada en *Cómaros verdes* (1947) no que hai influencias do hilozoísmo e do neotrobadorismo (ver anexo). A este poemario seguen *De día a día* (1960), *Lanza de soledá* (1961) e *Nenias* (1961, póstumo), de ton reflexivo e existencialista.



Ilustración 2aasd

Esta é a mar dos solpores recendentes a mazás coloradas
debaixo, asolagados, fondos vales
e alboradas con páxaros de rabos longos de silencio.

Esta é a mar, triste sombra desgazada
de altísimos montes cheos de neve,
que pelengrinaron soles inmensos e senlleiros.

Xa nin montes de neve nin soles recién nados.
Mais a súa sombra, sí, mar sin consolo,
a súa sombra de auga, amargues bágoas.
A súa sombra leal, triste lamento e longa noite.

Onde aqueles montes altísimos
que aconchegaban contra o teu seo
o rebrilo das súas craras cabeleiras?

Destaca a magnitude da natureza nun panteísmo (*altísimos montes, soles inmensos e senlleiros*) que case fere a sentimentalidade do poeta ao recordala e ao decatarse de que xa non queda nada máis que a lembranza (*onde aqueles montes..?*). A través do tópico do *ubi sunt* o poeta fai unha sentida elexía ao que se perdeu no tempo. Repárese na sinestesia do primeiro verso “solpores recendentes a mazás coloradas”.

Fragmento de “Esta é a mar dos solpores”, *Cómaros verdes*, Aquilino Iglesias Alvariño

MARÍA MARIÑO

Os seus poemarios, *Palabra no temo* (1963) e *Verba que comenza* (1966), son esencialmente

intimistas: relación do eu coa natureza, o paso do tempo, a premonición da morte...



Ilustración 3asd

Inda vou na mesma meniña
aquela que fogueaba sin leito!

¡Son aquela!
¡Son aquela que no bosco
escuitaba o himno dela!

Son aquela mañanciña,
entre orballo das rosas,
entre area de sendeiros,
onde atopaba a campana.

Caladiña eu chamaba
en berros que hoxe esquezo,
cando o navío de lonxe
o meu mar cheo atracaba.

¡Son aquela!
Son aquela tarde queda
que no serán se chamaba
miña aurora sin coores
chea dun farto rebusco
que en un xordo a min chegaba.

¡Son aquela!
Son aquela pena nubra
que de mofo entrenzaba
a lonxe voz do poeta,
cando aínda non sabía
que era pra ela
o que aquela voz narraba.

¡Son aquela!
Son aquela sempre soia
que paseaba a ribeira
a ver si nela atopaba,
a ver si nela afogaba.

Eu non sei,
eu non sei son sinceira.
Eu sentía un lonxe triste,
eu sentía nel ledicia,
eu quería quedar soia,
eu quería compañía,
¡aquela que eu non sabía!

Hoxe o sol enxuga a néboa.
Os dous tecen amores.
¡Han de saber algo dela!

María Mariño, *Palabra no tempo*

En María Mariño aparece como un dos temas centrais da súa obra o **motivo clásico da nostalxia da plenitude da nenez**, e moi especialmente o motivo do **regreso á infancia** ou mellor o da fixación nesa etapa vital ou o da **identificación coa nena** que foi.

RICARDO CARBALLO CALERO

Durante a ditadura
escribe *Anxo de terra*

(1950), *Poemas pendurados de un cabelo* (1952) e *Salteiro de Fingoy* (1961). Nestes poemairos reflicte o **existencialismo** a través do culturalismo, con inclusión de referencias clásicas e míticas (ver anexo). Recolle toda a súa poesía en dos libros: *Pretérito imperfecto* (1980) e *Futuro condicional* (1982).



Ilustración 4asad

“Helena”

Helena regresa a Esparta

Estes son os pórticos, estas as aras.

Ergue-se a neve ali coroando os penedos.

Aquí esbaran os cisnes entre os vímios.

Nesta composición aparecen recollidos diferentes elementos do mito de Helena de Troia.

Beleza vencedora, acollen-me os lugares

Como se non tonase profanada

Por beizos estrangeiros.

A gorja do tempo engolira Troia

E os dez anos adúlteros. Purificada

Polo esquecemento, me non pesa o corazón.

As bágoas de Hécuba, a lanza de Héitor,

O trono de Príamo, o leito de París

Afundirían-se na noite da morte. Segura,

Calco con pé de marbre o pazo natal.

Ricardo Carballo Calero, *Pretérito imperfecto*

LUIS PIMENTEL

A súa obra en galego é *Sombra do aire na herba* (1958), poemario **intimista**

que na que atopamos os seguintes trazos:

- Influencia das **vanguardas** (ausencia de rima, emprego do humor, referencias á arte cinematográfica, ao jazz, imaxes surrealistas). En ocasións os seus poemas presentan pegadas do hiloísmo.

*de sutaque sorprendín á mañá
entrando na vila,
cantando da mao da fina chuvia*



Ilustración 5 (Lugo, 1895 – Lugo 1958)

Nalgún caso temos **imaxes oníricas**, próximas ao **surrealismo** por romperen coa relación lóxica entre elas.

*Nos currunchos acendéronse os altares do silencio;
Choiva de frores de estameña nos tristes pesadelos.*

Estameña é un tecido de la empregado na confección de hábitos.
Repárese na libre relación entre as imaxes, moi lonxe da racionalidade.

- Omnipresenza do **medo** e do misterio.

*Tebbras ao axexo
Pola rúa suben
As casas en muletas
Navallas de lúa
na acera.
Unha sola ventá,
Marela de insomnio.*

- Presenza de **símbolos modernistas**, aínda que moitas veces tinguidos de dor, de angustia e de malos presaxios.
- Presenza do **mundo dos nenos**, auténticos protagonistas de moitos textos, moitas veces descritos cunha enorme sensibilidade.
- A reflexión sobre a palabra, o silencio e o proceso de escrita (**metapoesía**).
- O **provincianismo**, de feito o autor considérase o poeta do Lugo provinciano da época debido a descrición bohemia das rúas, das prazas etc. captando os momentos máis íntimos da cidade amurallada.

CELSE EMILIO FERREIRO

É o poeta máis destacable e popular

desta xeración poética. Ademais de poeta cívico, tamén foi un poeta intimista e satírico. O seu primeiro poemario é *O soño sulagado* (1955) e nel atópanse os principais temas da súa poesía: a infancia, o amor, o antibelicismo... No ano 1962 publica *Longa noite de pedra*, un poemario que abriu a **poesía social** tras a Guerra Civil española e que exercerá unha profunda influencia sobre os autores da poesía galega dos anos 60 e 70. As súas características poden resumirse así:



Ilustración 6 (1914 Celanova- 1979 Barcelona)

- Introducción de **rexistros da fala cotiá**, cunha finalidade humorística e sarcástica.

*Aquil señor burgués condecorado,
usía ou excelencia ben cebado,
que ronca con pracer na noite longa
e ten muller feliz, de teta oblonga,
con dous fillos petisos, deportistas,
un poco libertinos e “juerguistas”,
idiotas pola nai, polo pai, grosos;
pondo dentes de can que venta os osos,
ponse a rosmar e morde.*

- Mesmo incorpora a **xerga gremial** dos canteiros (a verba dos arxinas) nalgún texto.

os quintos i os alcamos (ciceis e martelos)
cantan, crean, constrúen, doman a pedra,
levantan as cidades e as caicoas (igrexas)
as arias xidas, as xarnas e as xarelas (perpiaños, muros e paredes mestras)

- Incorporación de **linguaxes** específicas como a **administrativa e burocrática**, comercial, política, militar case sempre en **contextos sarcásticos**:

Fuco Pérez sin segundo,
veciño de Gargamala,
viúdo, maior de idade,
propietario dunha cabra
e dun terrón que produce
cinco ducias de patacas.
(...)

Tes o día, tes a noite,
 tes os paxaros da ialba,
 tes as estrelas do ceo,
 tes as rúas i as estradas
 (...)
 Fuco Pérez sin segundo,
 ¿qué che falta?

- Utilización de recursos estilísticos antes non empregados na literatura como son o **fonosimbolismo** e as **onomatopeas**, creando unha linguaxe que lembra á do cómic.

Vin pasar ringleiras silenciosas
 de mozos feitos homes de repente.
 Chap, chap, chapoteaban
 as súas botas sobre a lama.

Nos seguintes poemarios vemos o Celso Emilio Ferreiro máis **sarcástico** e irónico facendo uso das características anteriormente mencionadas e doutras como a “distorsión lingüística” para criticar de maneira máis aceda determinado aspectos sociais.

- *Viaxe ao país dos ananos* (1968). Crítica os emigrantes da Hermand Gallega de Caracas desgaleguizados, a sociedade de consumo e o capitalismo.

Probe de min. A terra prometida,
 a Galicia emigrada que eu buscaba,
 era samente un pozo de residuos,
 unha corte de ovellas resiñadas:
 emporio de logreiros,
 caverna de usureiros,
 buraco de tendeiros,
 guarida de compadres basureiros.

Galicia xaz eiquí morta de anguria,
 crucificada en sombras, sepultada
 baixo as nádegas porcas dos badocos,
 dos pequenos burgueses desertores,
 alugados ao esterco,
 vendidos ás letrinas, sin outro afán nin fin que o dasme-douche,
 o merco-vendo, okey, pago contado.

Celso Emilio Ferreiro, *Viaxe ao país dos ananos*

O País dos Ananos,
 poboado de pitisos
 comestos da iñorancia,
 mandados pola envexa i a cobiza.
 ¡Que sórdida paisaxe!

Obsérvese o invento de novas palabras a través da composición *dasme-douche*, *merco-vendo* e a introdución do anglicismo *okey* para ironizar sobre o afán consumista e capitalista da sociedade de emigrantes de Venezuela.

- *Cantigas de escarnio e maldecir* (1968). Na mesma liña do anterior pero agora nun molde medieval, imitando o estilo das cantigas de escarnio e maldicir.
- *Os ausentes* (1973), *Paco Pixiñas* (1970), ao estilo dun romance de cego.
- *Antipoemas* (1972). Libro censurado e publicado con mutilacións.
- *Cimiterio privado* (1973). Conxunto de epitafios en forma epigramática, de ton burlesco co propósito de atacar a burguesía.

O bon cidadán
 traballou, aforrou,, mercou, vendeu,
 consumiu, informou, cumpriu co preceuto,
 viviu arredor de si mesmo
 como unha roda perfeuta.
 Por fin morreu
 dun coma diabético.
 Os xefes da OPE
 (Orde, Ponderación, Establecemento),
 filial do complexo industrial PUGA
 (Produtividade, Unión, Garantía, Amnesia)
 moi agradecidos ó seu idel comportamento,
 pregan unha oración
 pola almiña diste homiño.

Repárese nos acrósticos OPE e PUGA co fin de satirizar a sociedade industrializada e capitalista.

Celso Emilio Ferreiro, *Cimenterio privado*

Como poeta **intimista** escribe:

- *O soño sulagado* (1955). O título fai referencia á perda dos soños motivada pola ditadura e polos avatares da súa propia vida. Neste poemario recrea con nostalxia o seu pasado: a terra natal, a infancia, a nai, sen posibilidade de retornar a eses soños do pasado.
- *Terra de ningures* (1969). É unha recreación nostálxica da paisaxe perdida da terra natal e o encontro, na emigración, con paisaxes exóticas.
- *Onde o mundo se chama Celanova* (1975). Poemario intimista que contén uns fermosos poemas á súa esposa Moraima.

“Xaneiro, 1972, II”

Cando quero vivir
 digo *Moraima.
 Digo Moraima
 cando semento a espranza.
 Digo Moraima
 e ponse azul a alba.

Destaca neste fragmento lírico a reiteración en versos paralelísticos da pronuncia do nome da muller do poeta, asociada ao impresionismo cromático da alba, que se torna azul, cor cun simbolismo positivo na obra do celanovés.

Celso Emilio Ferreiro, *Onde o mundo se chama Celanova*

*Moraima é o nome da muller do poeta

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazóns dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra*

No tempo aquíl
cando os animais falaban,
dicir libertá non era triste,
dicir verdá era coma un río,
dicir amor,
dicir amigo,
era igoal que nomear a primavera.
Ninguén sabía dos aldraxes.
Cando os animais falaban
os homes cantaban nos solpores
pombas de luz e xílgaros de soños.

Dicir teu e meu non se entendía,
dicir espada estaba prohibido,
dicir prisión somente era unha verba
sin senso, un aire que mancaba
o corazón da xente.

¿Cando,
cando se perdeu
este gran reino?

Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra*

A PROMOCIÓN DE ENLACE

A **Promoción de Enlace** pertencen os escritores nados entre 1920 e 1930, cuxa incorporación á expresión poética en galego é tardía. Oriéntanse cara ao existencialismo e á poesía intimista e relixiosa.

➤ Escritores pertencentes á Promoción de Enlace

ANTÓN TOVAR BOBILLO

Nos poemarios *Arredores* e *Non* segue a liña **existencialista** (conciencia do eu e da soidade), a liña **social** (rebeldía fronte á inxustiza) e a **intimista** (queixa pola irreversibilidade do tempo que todo volve cinza).

Eu son un home triste,
eu son un neno canso
e teño unha voz murcha,
como unha mau de néboa
rubindo cara ao sol;
unha mau a buscar
a Túa mau infinita.

[...]
Entón, Señor, ti fuxes,
i estas maus que son terra
somentes terra apreixan.

A voz lírica expresa as súa angustia
existencial na procura dun Deus
que non consegue ver

LUZ POZO GARZA

Inicia a súa obra poética en castelán, para posteriormente desenvolvela en galego. A forza vitalista do amor, a sensualidade, o erotismo, o mar e as lembranzas son, entre outros motivos constantemente visitados na súa poesía.

A súa primeira obra galega é *O paxaro na boca* (1952), na que predomina unha poesía vitalista, que proclama o optimismo perante a existencia e a vivencia gozosa do amor. Este enfoque contrasta co que aparece en *Últimas palabras/ Verbas derradeiras* (1976), presidido pola morte, o desamor e a angustia existencial.

Máis tarde, ábrese moi tenuemente á temática social, procurando maior sinxeleza expresiva. Cando se produce a reacción contra o predominio do socialrealismo, a autora retoma o tratamento escrupuloso da linguaxe, ábrese a novos temas e énchese de referencias culturalistas, en sintonía coas propostas da xeración dos 80 e combinando o vitalismo sensual e a serenidade elexíaca en tres meritorios libros: *Concerto de outono* (1981), *Códice calixtino* (1986) (ver anexo) e *Prometo a flor de loto* (1991). Outras obras de Luz Pozo Garza son *Vida secreta de Rosalía* (1996), *Medea en Corinto* (2003), *As vodas palatinas* (2005) e *Deter o día cunha flor* (2008).



Ilustración 7 Nada en Ribadeo, 1922 e finada na Coruña no 2020

Naquela cidade
onde unha rapaza escribía un diario secreto
na noite
mentres o soño desvalido semellaba finxir
silencios compartidos
nesa vella cidade do norte
o primeiro poema de amor flutuaba
coma un blues nostálxico na noite.

[...]

Evócase a adolescencia; a saudade, a
nostalxia dun tempo ido.

Quería saber daquel río esvaído do soño
tal unha despedida sen retorno,
do silencio curvado nunha praza deserta e antiga.

¿Onde vai o primeiro poema de amor
a materia sonora dun blues fuxidío
a inocencia primeira?

Luz Pozo Garza, *Códice Calixtino*

XERACIÓN DAS FESTAS

Á Xeración das Festas Minervais ou Xeración dos 50

pertencen aqueles escritores nados entre os anos 30 e 40.

Comezan o seu labor literario na década dos 50 e moitos deles danse coñecer a través de certames celebrado en Santiago como foi o caso das “Festas Minervais”, do que toman o nome.

A primeira etapa desta xeración, nos **anos 50**, coñécese como **Escola da Tebra**. Caracterízase pola dor existencial e un **intimismo angustiado**, pois a voz lírica preséntase en conflito co mundo. Xa nos 60, a **temática social** de *Longa noite de pedra* de Celso Emilio vai crear escola entre os poetas desta xeración, pois cultivarán poemas de denuncia social que xiren arredor da opresión, da guerra etc.

➤ Escritores pertencentes á Xeración das Festas Minervais

MANUEL MARÍA

Os seus primeiros títulos, *Muiñeiro de brétemas* ou *Advento*, considéranse pezas inaugurais da **Escola da Tebra**, nos que predomina unha **visión atormentada da existencia**. A partir de 1958, ano de *Documentos persoas*, Manuel María dá o paso á **poesía social**. Son pezas de denuncia da situación que vive Galicia, mais acotío preséntaas con humor e con retransa. Tamén cultivou poesía **paisaxística** (*Terra Chá*) e poesía **intimista** (*A primavera de Venus*).

¿Por que sempre quedo ancorado
na choiva silenciosa de Sant-lago
esperando eternamente un anxo mouro
que volve o meu soño neve ou pedra?

Unha arela imprecisa que é saudade
encerra o meu silencio enverdecido
de lonxanías brancas ou salaios.


A voz lírica expresa unha visión atormentada da existencia.

UXÍA NOVONEYRA

Cultiva a lírica **paisaxística** centrada na montaña do Courel, na liña de Noriega Varela, cun **ton existencialista**, xa que aparece o home en soidade ante a natureza e entregado á reflexión sobre a vida e a morte. Isto ocorre, por exemplo, no poemario *Os eidos*:

Cousos do lobo!
Caborcos do xabarín!
Eidos solos
onde ninguén foi nin ha d'ir!
O lobo! Os ollos o lombo do lobo!
Baixa o lobo polo ollo do bosco
movendo nas flairs dos teixos
ruxindo na folla dos carreiros
en busca de vagoada máis sola e máis medosa...
Rastrexas
parase e venta
finca a pouta ergue a testa e oula
ca noite na boca...

Neste poema de *Os eidos* vemos a aliteración do /o/, fonema pechado que simboliza o ouleo do lobo e ao mesmo tempo os seus ollos, evocando a sensación de medo que pode producir a presenza do animal. Destaca a soidade do bosque e da natureza e a intuición da proximidade do lobo.



Tamén cultiva a poesía **amorosa** en *Muller para lonxe* e a poesía **social** en *Poemas caligráficos*.

A súa **expresión** adoita ser **breve** e con frecuentes enumeracións. Son importantes os **elementos visuais** (disposición dos versos ou elementos gráficos) e **fónicos** (onomatopeas e fonosimbolismo, como no poema anterior).

BERNANDINO GRAÑA

O seu primeiro libro, *Poema do home que quixo vivir*, sitúase na estética da Escola da Tebra: **angustia existencial**, desesperanza. En 1966 saíu á luz *Profecía do mar*, título que marca unha nova orientación na súa obra: agora emprega a súa voz para **denunciar a destrución do mar** e da terra e adopta unha actitude de afirmación vitalista do home e do universo:

*Contra os días, a néboa, o medo, o escuro
tento o mar e procuro a plenitude*

Neste libro enriquece a lingua poética con termos mariñeiros e xiros idiomáticos da fala viva de Cangas, de grande forza expresiva. Bernardino recrea o mar, os mareantes, as vilas e ambientes mariñeiros.

*Un mar pra andar perdido e ser camiño,
como noite continua e pesadelo,
onde o corpo ten de ir espido, inxelo.
Principio e fin das cousas. Mar diviño.*


Co mesmo ton publica *Non vexo Vigo nin Cangas* (1975). Aínda que este poemario é sobre todo un brado ecolóxico contra a destrución do mar e da terra. Outras obras súas son: *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen*, de tema amoroso (1980), *Sima-Cima do voar do tolo* (1984), *Himno verde* (1992), *Ardentía* (1995), *Luz de novembro* (1997) e *Sen sombra e sen amor* (2004).

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

Escribe dous poemarios antes de emigar a Colombia: *As moradias do vento* (1954) e *A frauta i o garmelo* (1959). No entanto, a súa obra máis interesante pertence ao regreso da emigración: *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989) e o póstumo *Última fuxida a Harar* (1992). Nestes poemarios abórdanse temas como a infancia, o amor e a distancia.

Na outra banda do mar constrúen o navío:
o martelar dos calafates resoa na mañá, e non saben
que están a construír a torre de cristal da miña infancia
Non saben que cada peza, cada caderna maxistral
é unha peza do meu ser. Non saben
que no interior da quilla está a médula mesma
da miña espiña dorsal; que no galipote a quencer

O poema representa unha captación sensitiva e emocional da infancia por parte do eu lírico. Nesta recreación da infancia, da orixe do individuo, existe unha certa fugacidade que reside en citacións como “torre de cristal”, “vela”, “perfume”, “vagorosamente”.



está o perfume máxico da vida.
Que cando no remate ergan a vela, e a enxarcia
tremole vagarosamente no ar
será o meu corazón quen sinta o vento,
será o meu corazón.

Antón Avilés de Taramancos, *As torres no ar*

SALVADOR GARCÍA-BOLAÑO

Publica en 1967 *Ao pé de cada hora*, poesía que serve de
canle á temática amorosa e ao compromiso coa terra. De

1978 é *Tempo de Compostela*, centrado na cidade de Santiago.

*Compostela é unha rúa longa
na memoria
onde vagan os nomes
e as horas
que cada quen recorda
tempo de eternidade nas sombras...*

XOHANA TORRES

Na súa primeira obra, *Do sulco* (1957),
destaca a angustia e a soidade, co emprego
constante de paradoxos. Dos anos 80 é a obra *Estacións ao mar* (1980), no
que reflicte a preocupación por Galicia, o paso do tempo e a memoria.

*Primeiro foi o mar, despois a pedra.
¿Qué quedará de nós?... Unha espuma levísima,
fado de Amalia para unha travesía.
¿Qué loita de navíos?
¿Onde o naufragio daque Nau Petra?*



ARCADIO LÓPEZ CASANOVA

As súas primeiras obras son da década dos 60, *Sonetos de
esperanza presentida* (1965) e *Palabra de honor* (1967),
que mostran unha visión desesperada do mundo e reflicte unha preocupación obsesiva por recuperar a infancia,
a inocencia perdida, mesturada cun dramatismo que expón unha visión desesperada do mundo e das cousas,
na liña intimista da poesía da Tebra.

Será o seu libro *Menesteres*, xunto con *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín, o que marca a inflexión
na poesía galega. O poemario achega unha serie de innovacións que o fan singular na súa época: afástase do
socialrealismo imperante para tratar temas heteroxéneos (metaliterarios, o exilio, a dor de existir, a morte, a
presenza da muller, a súa infancia labrega...). Tamén na parte estilística é un libro heteroxéneo, tanto emprega
estrofas clásicas, principalmente o soneto, como o versolibrismo.

A meditación sobre a vida e o paso do tempo son os *Liturxia do tempo* (1983) e *Noite de degaro* (1994).

Cantar sen patria, lonxe na *rodela
da Noite, sen ninguén que escoite,* anada
do pranto. Lonxe. Lonxe. ¡A da i, vagoada
do corazón: que sólo se rebela!

*Rodela: xogo infantil que consiste en mandar unha roda o máis lonxe posible.

* Anada: recolleita do froito ao final do ano.

Trata o exilio, a dor pola distancia da patria, asociado aos símbolos como a noite, o pranto, á recorrencia (lonxe, lonxe) e á exclamación de lamento (¡Ai, vagoada do corazón). As imaxes rodela da noite (noite monótona e interminable), anada do pranto (só hai pranto na soidade da noite, ningún outro froito ou doce na vida), vagoada do corazón (a parte máis sentida e fonda do corazón) manifestan unha clara renovación nas imaxes literarias que superan a poesía das xeracións anteriores.

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

Os seus primeiros
pasos como poeta

deunos con *Voce na néboa* (1957), na liña da Escola da Tebra (ton íntimo e angustiado, cunha temática que vai desde a preocupación existencial (o sentido da vida, a desesperanza...) ata a visión pesimista da propia Galicia. Nos anos setenta a súa poética evolucionou adquirindo unha manifesta intención reivindicativa. Baixo o heterónimo de Heriberto Bens publica *Antoloxía popular* (1972), onde a protagonista é Galicia desde o punto de vista histórico e político.



En 1976, co seu poemario *Con pólvora e magnolias* marcou a definitiva renovación na poesía galega. Culturalismoⁱ, simbolismo, ton épico, nostalxia do pasado e preocupacións esenciais como a recuperación do tempo, o sentimento amoroso na súa decadencia e a morte supuxeron unha innovación literaria. O compromiso social e patriótico é o ton imperante baixo unha forte renovación estilística (ver poema).

Outras obras poéticas de Ferrín son: *O fin dun canto* (1982), *Erótica* (1992), *Estirpe* (1994), *Era na selva de Esm* (2005) e *Contra Maniqueo* (2006).

“Reclamo a liberdade pró meu pobo”

No vento de mazán que se desfraga
nos cons e pedregullo solar
reclamo a liberdade pró meu pobo.

No meniño que dorme
no edredón dos teus ollos
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nas vellas mans agrarias,
nas loias amorosas dos estíos
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos bicos acedísimos e tenros
dos meus fillos inmensos
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos sangues artesáns que teño ardendo
en cada dedo meu,

nos finos labradores que aparecena agora no papel
levando chapeos pardos, panos de sede e zocas remontadas
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Nos crepúsculos de anís
nos que se erixe a familia naval de Manuel Antonio
e pon, de arca e couso, pequeniños
lumes azuis e brancos de San Telmo
reclamo a liberdade pró meu pobo.

Xosé Luís Méndez Ferrín, *Con pólvora e magnolias*

Este é un fragmento do texto «Reclamo a liberdade pró meu pobo», que conclúe o poemario *Con pólvora e magnolias*. **Poema comprometido**, socialrealista con momentos líricos dignos da mellor poesía (a imaxe visionaria e sinestésica do verso 1, ou os versos 5-6, 9 e 19). Poema rítmico con versos paralelísticos a modo de refrán, de alto valor expresivo, nos que reitera a liberación do pobo galego. Renovación estilística aplicada a unha temática xa tópica desde Celso Emilio Ferreiro. Á parte disto, a regularidade métrica distribuída en versos de 7 e 11 sílabas —ás veces un verso non se corresponde coa liña— é salientable se o comparamos co versolibrismo da poesía social anterior.

É destacable tamén o **culturalismo**, ou as referencias cultas, innovación que aparece na lírica tras *Con pólvora e magnolias*. Versos 20-22 nos que se menciona a poesía vangardista de Manuel Antonio e o nimbo luminoso que aparece nas extremidades verticais das embarcacións debido á electricidade atmosférica (*lumes azuis e brancos de San Telmo*). No mesmo sentido observamos a saudade por momentos pasados altamente valorados (*no meniño que dorme nos teus ollos*, é dicir, o neno que fuches; *nos finos labradores que aparecen agora...*) por eles combate e loita o eu poético.

Vemos tamén a concepción da sociedade desde o punto de vista marxista: *sangues artesáns, labradores, mans agrarias*, os que fan e sofren a historia. Neles recae un certo ton esperanzador e optimista.

Tamén pertencen á Xeración das Festas Minervais os seguintes autores: **Manuel Álvarez Torneiro** (*Memoria dun silencio, Rigorosamente humano, Luz de facer memoria*), **María Xosé Queizán** (*Metáfora da metáfora, Despertar das amantes*) e **Manuel Cuña Novás** (*Fabulario Novo*)

XERACIÓN DOS 36

- Nados entre os anos 10 e 20
- Ponte entre a literatura de preguerra e as novas xeracións.
- Tendencias:
 - Contidos paisaxísticos e intimistas.
 - Poesía neotrobadoresca, sen os valores vangardistas
 - Poesía existencialista e relixiosa, acompañada dun forte pesimismo (motivado quizais polos millóns de mortos e pola miseria humana que sementaron os fascistas).
 - Poesía socialrealista, que supuxo a recuperación de poesía cívica perdida desde Ramón Cabanillas.

Luis Pimentel: *Sombras do aire na herba*

- Influencia das vangardas (ausencia de rima, emprego do humor, referencias á arte cinematográfica, ao jazz, imaxes surrealistas).
- imaxes oníricas, próximas ao surrealismo
- Omnipresenza do medo e do misterio.
- Presenza do mundo dos nenos
- Metapoesía
- Provincianismo (descrición bohemia das rúas, das prazas etc. captando os momentos máis íntimos de Lugo)

Celso Emilio Ferreiro: *O soño sulagado*,

- Poeta cívico e satírico: *Longa noite de pedra*, *Viaxe ao país dos ananos*, *Cantigas de escarnio e maldicir*, *Antipoemas*, *Cimenterio privado*, *Os ausentes*
- Poeta intimista: *O soño sulagado*, *Terra de ningures*, *Onde o mundo se chama Celanova*
- Fala cotiá, como *petisos*, *juerguistas* (para chegar a todo o mundo, non só a unha minoría)
- Xerga gremial, como *alcamotes*, *caicoias*, *xidas*, *xarnas*

- Linguaxe administrativa e burocráticas, comercial, política, militar con ton sarcástico
- Uso do fonosimbolismo e onomatopeas
- Sarcasmo e ironía

OUTROS AUTORES:

RICARDO CARBALLO CALERO

- *Anxo de terra*, *Poemas pendurados de un cabelo* e *Salteiro de Fingoy*
- Poesía existencialista a través do culturalismo, con inclusión de referencias clásicas e míticas
- Toda a súa poesía está recollida en: *Pretérito imperfecto* (1980) e *Futuro condicional* (1982).

MARÍA MARIÑO: *Palabra no temo* e *Verba que comenza*

- Poesía intimista relación do eu coa natureza, o paso do tempo, a premonición da morte...

AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO,

- Poesía paisaxística con influencia do hilozoísmo e do neotrobadorismo
 - *Cómaros verdes*, *Señardá*, *Corazón ao vento*
- Poesía existencialista de ton reflexivo
 - *De día a día*, *Lanza de soledá* e *Nenias*

XOSÉ M^a DÍAZ CASTRO: *Nimbos*

- Relixiosidade
- Rebelión contra a vida moderna e materialista
- Dous símbolos:
 - Luz relacionada con Deus e co espírito
 - Sombra relacionada co mundano e materialista
- Preocupación por Galicia e polos problemas básicos do humano: vida, morte, tempo.

PROMOCIÓN DE ENLACE

- Nados entre os anos 20 e 30
- Oriéntanse cara ao existencialismo e á poesía intimista e relixiosa.
- Viven o drama da posguerra e a pobreza cultural da censura e illados de Europa
- Educados en castelán.

LUZ POZO GARZA

- Predominio da poesía intimista existencial e angustiado
 - Temas: a forza vitalista do amor, a sensualidade, o erotismo, o mar e as lembranzas.
 - Tamén o desamor, a morte e a angustia existencial.
 - Obras: *O paxaro na boca* e *Últimas palabras/ Verbas derradeiras*
- Temática social, maior sinxeleza expresiva
 - Máis referencias culturalistas
 - Vitalismo sensual e serenidade elexíaca
 - Obras: *Códice Calixtino*, *Concerto de outono*, *Prometo a flor de loto*, *Deter o día cunha flor*

ANTÓN TOVAR BOBILLO

- Liña existencialista (conciencia do eu e da soidade)
- Liña social (rebeldía fronte á inxustiza)
- Liña intimista (queixa pola irreversibilidade do tempo que todo volve cinza)
- Reflexión continua sobre o sentido da vida e da morte
- Pesimismo e desacougo, poesía desgarrada e metafísica
- Clara preocupación pola procura de Deus ausente
- Algunhas pegadas de poesía social con expresión máis prosaica.
 - Obras: *Arredores*, *Non* e *O vento no teu colo*

XERACIÓN DAS FESTAS MINERVAIS

- Nados entre os anos 30 e 40
- Comezan o seu labor literario na década dos 50

- Danse coñecer a través de certames celebrado en Santiago como foi o caso das “Festas Minervais”
- Referentes externos na cultura francesa e anglosaxona
- Busca de formas de expresión no jazz, beat, cómic, rock
- Forman parte do Grupo Brais Pinto, activistas políticos e culturais
- Dúas etapas:
 - Escola da Tebra (anos 50)
 - Intimismo angustiado
 - Voz lírica en conflito co mundo
 - Mira o interior do individuo
 - Formula interrogantes sobre a existencia
 - Pesimismo existencial
 - Pode presentar influencias surrealistas (imaxes visionarias e complexas)
 - Temática social (anos 60), inspirada en *Longa noite de pedra* de Celso Emilio
 - Poemas de denuncia social arredor da opresión, da guerra, etc.

MANUEL MARÍA:

- **Escola da Tebra**
 - *Muiñeiro de brétemas* ou *Advento*
 - Visión atormentada da existencia
 - Verso longo
 - Imaxes visionarias con influencia surrealistas
 - Referencias relixiosas
- **Poesía social**
 - *Documentos persoas*
 - Denuncia da situación que vive Galicia con humor e retransa.
 - Rexistro xurídico-administrativo
 - Ton coloquial
- **Poesía paisaxística**, en *Terra Chá*
- **Poesía intimista**, en *A primavera de Venus*

UXÍO NOVONEYRA

- Poesía paisaxística centrada do Courel
 - Na liña de Noroiega Varel
 - Ton existencial, home en soidade ante a natureza entregado á reflexión sobre a vida e morte
 - *Os eidos*
- Poesía amorosa
 - *Muller para lonxe*
- Poesía cívica
 - *Poemas caligráficos*
- Expresión breves
- Constantes enumeracións
- Importancia dos elementos visuais (disposición dos versos)
- Importancia dos elementos fónicos (aliteración, fonosimbolismo, onomatopea)

BERNARDINO GRAÑA

- *Poema do home que quixo vivir*, liña da Escola da Tebra
- *Profecía do mar*, liña social (denuncia das destrución do mar)
 - Termos mariñeiros, xiro de Cangas
- *Non vexo Vigo nin Cangas*, (ecolóxico)
- *Se o noso amor e os peixes Sar arriba andasen*, de tema amoroso (1980)
- *Sima-Cima do voar do tolo* (1984)
- *Himno verde* (1992)
- *Ardentía* (1995)
- *Luz de novembro* (1997)
- *Sen sombra e sen amor* (2004)

ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS

- *As moradias do vento* (1954) e *A fruta i o garmelo* (1959)
- *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989) e o póstumo *Última fuxida a Harar*
 - Temas da infancia, amor e a distancia

SALVADOR GARCÍA-BODAÑO

- *Ao pé de cada hora* (1967)
 - Temática amorosa e compromiso coa Terra

- *Tempo de Compostela* (1978)
 - Centrado en Santiago

XOHANA TORRES

ARCADIO LÓPEZ CASANOVA

- *Sonetos de esperanza presentida* (1965) e *Palabra de honor* (1967)
 - Visión desesperada da vida
 - Preocupación por recuperar a infancia (inocencia)
 - Liña intimista da Tebra
- **Menesteres**
 - Marca unha inflexión na poesía galega, xunto a *Con pólvora e magnolias*
 - Innovacións:
 - afástase do socialrealismo
 - temas heteroxéneos (metaliterarios, o exilio, a dor de existir, a morte, a presenza da muller, a súa infancia labrega...).
 - Estilística heteroxénea, tanto estrofas clásicas como versolibrismo
 - *Liturgia do tempo* (1983) e *Noite de degaro* (1994)

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN

- *Voce na néboa* (1957), na liña da Escola da Tebra
- *Antoloxía popular* (1972), protagonista é Galicia desde o punto de vista histórico e político (heterónimo de Heriberto Bens)
- *Con pólvora e magnolias* (1976)
 - Marca un punto de inflexión na poesía (renovación)
 - Culturalismo
 - Simbolismo
 - Ton épico
 - Nostalgia do pasado
 - Preocupacións esenciais (recuperar o tempo, sentimento amoroso decadente, morte...)
 - Compromiso social e patriótico

O fin dun canto (1982), *Erótica* (1992), *Estirpe* (1994), *Era na selva de Esm* (2005) e *Contra Maniqueo* (2006)

ACTIVIDADES

ACT 1: Le o poema e elabora un **comentario literario** que explique o contexto histórico e os seus trazos máis salientables, atendendo á forma (estrofas, métrica, rima, carácter popular ou culto), recursos estilísticos (fónicos, morfosintácticos, léxicos) e contido (tema ou temas, voz lírica, destinatarios). Extensión aproximada: 200-250 palabras.

No tempo aquíl
cando os animais falaban,
dicir libértá non era triste,
dicir verdá era coma un río,
dicir amor,
dicir amigo,
era igoal que nomear a primavera.
Ninguén sabía dos aldraxes.
Cando os animais falaban
os homes cantaban nos solpores
pombas de luz e xílgaros de soños.

Dicir teu e meu non se entendía,
dicir espada estaba prohibido,
dicir prisión samente era unha verba
sin senso, un aire que mancaba
o corazón da xente.

¿Cando,
cando se perdeu
este gran reino?

Celso Emilio Ferreiro, *Longa noite de pedra* (1962)

ACT 2: **Contextualice** o texto de Luis Pimentel na época correspondente e **identifique e explique catro** características do seu autor, **recorrendo sempre a exemplos** tirados do propio texto. **Sinale dous autores** máis representativos da **mesma época e tendencia** e **dúas obras** de cada un. Extensión aproximada: 250 palabras.

Contemplamos dende a soleira a chuvia.
O tempo non se conta: está en sonido.
Todo o achegou algo pra iste tránsito
trala chuvia a paisaxe tapouse os ouvidos.
Non hai esforzos de rosas, ruídos de luces.
É o trunfo das pequenas cousas.
A tarde éo todo, mais sin loitas;
camiña descalza entre a chuvia

ACT 3: Relacione o texto, sucintamente, coa poesía do momento e coa escrita do autor. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice o sentido e a importancia dos elementos naturais presentes no poema. Extensión aproximada: 200-250 palabras.

Crara noite

Piano antre magnolios

Voz de mirto de oboe

A luz dos seus seos,

Indecisa antre o verde.

Nin sombras nin misterios,

Nin estrelas nin lúas

Luis Pimentel

ACT 4: Le o poema e elabora un **comentario literario** que **explique** o **contexto histórico** e os **seus trazos máis salientables**, atendendo á **forma** (estrofas, métrica, rima, carácter popular ou culto), **recursos estilísticos** (fónicos, morfosintácticos, léxicos) e **contido** (tema ou temas, voz lírica, destinatarios). Extensión aproximada: 250 palabras.

Lingoa proletaria do meu pobo,
eu fáloa porque sí, porque me gusta,
porque me peta e quero e dame a gaña;
porque me sai de dentro, alá do fondo
dunha tristura aceda que me abrangue
ao ver tantos patufos desleigados,
pequenos mequetrefes sin raíces
que ao pór a garabata xa non saben
afirmarse no amor dos devanceiros,
falar a fala nai,
a fala dos abós que temos mortos,
e ser, co rostro erguido,
mariñeiros, labregos do lingoaxe,
remo i arado, proa e rella sempre.

Eu fáloa porque sí, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingoa.

Non falo pra os soberbios,
non falo pra os ruís e poderosos
non falo pra os finchados,
non falo pra os estúpidos,
non falo pra os valeiros,
que falo pra os que agoantan rexamente
mentiras e inxusticias de cotío;
pra os que súan e choran
un pranto cotidián de volvoretas,
de lume e vento sobre os ollos núos.
Eu non podo arredar as miñas verbas
de tódolos que sofren neste mundo.

E ti vives no mundo, terra miña,
berce da miña estirpe,
Galicia, doce mágoa das Españas,
deitada rente ao mar, ise camiño...

Celso Emilio Ferreiro “Deitado fronte ao mar” de *Longa noite de pedra* (1962)

ACT 5: Relacione o texto, sucintamente, coa poesía do momento e coa escrita do autor. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice o sentido e a importancia dos elementos naturais presentes no poema. Extensión aproximada: 200-250 palabras.

Aldraxados por séculos
mallados e feridos,
asoballados sempre,
decote desvividos,
pergunto qué fixeron,
contesto que fuxiron
da terra malpocada,
sin pelexar, vencidos,
abandonado o campo
á furia do nemigo.
Soio unhos cantos bravos
a proba resistiron.
Garda, matria, un loureiro
prá fronte distes fillos.

Celso Emilio Ferreiro “Nunha foxa común” de *Longa noite de pedra* (1962)

ACT 6: Le o poema e elabora un **comentario literario** que **explique** o **contexto histórico** e os **seus trazos máis salientables**, atendendo á **forma** (estrofas, métrica, rima, carácter popular ou culto), **recursos estilísticos** (fónicos, morfosintácticos, léxicos) e **contido** (tema ou temas, voz lírica, destinatarios). Extensión aproximada: 250 palabras.

Consellos

Si foses a xantar con poderosos
coida ben a carón de quen te sentas.
Pexa a túa gula e couta os teus degaros,
ponlle portas á fame si a tiveras,
pois é pan mintireiro o pan dos ricos,
dóce por fóra, por dentro amarguexa.
Afoga a túa cobiza,
non desacougues por xuntar facenda.
¿Non coidas que a riqueza non é nada,
que o vento a trai e o vento axiña a leva?
Non comas pan dun home deshonoroso,
nin da fartura dil teñas envexa.
Dirache, come e bebe, meu amigo,
disfroita dos meus teres canto queiras;
mais o seu pensamento non concorda,
de boca afora serán as súas verbas,
pois o seu corazón, cativo e duro,
ten de cotío pechas
as fenestras do amor e da xusticia.
Non o esquezas.

Celso Emilio Ferreiro *Longa noite de pedra* (1962)

ACT 7: Relacione o texto, sucintamente, coa poesía do momento e coa escrita do autor. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice o sentido e a importancia dos elementos naturais presentes no poema. Extensión aproximada: 200-250 palabras.

SOUBEN AMAR

Hai unha longa espera
igual a un rito. Ti chegabas na tarde.
Foron rúas escuras coma bosques de cedros
que non volven.
No fonal dos recordos pasaba o vento escuro.

Os labios que besaban.
Un mar azul e tépedo resumía crepúsculos
e esbaraba no tempo.
Os labios que besaban lenzos de amor na tarde.
A bris recolle o pranto e fuxe.

Ti chegabas na tarde.
Prometías unha estación celeste para sentir as albas.
As aves lenemente descubrían espazos virxinais
e propagaban fráxiles caricias nun tempo luminoso
onde amar
onde amar se revela en formas de conciencia.

Despois chegou a noite.
Quedan atrás as sombras límpidas dunha existencia
difícilmente clausurada.
A forma inmaculada dun xardín interior onde se sobrevive.
Souben amar.
Souben amar pronunciando o teu nome.

Luz Pozo Garza *Codice Calixtino* (1986)

TEMA 6: A PROSA ENTRE 1936 E 1975: OS RENOVADORES DA PROSA (FOLE, BLANCO AMOR, CUNQUEIRO E NEIRA VILAS)

O brillante panorama acadado pola literatura galega a comezos do século XX viuse truncado pola Guerra Civil. A cultura galega trasládase ao exilio e aquí debemos agardar ata **1951** para que se publique a primeira obra narrativa: *A xente da Barreira*, de Ricardo **Carballo Calero**. Cómpre sinalar como o feito máis decisivo para a recuperación da nosa prosa a **editorial Galaxia**, en 1950, empresa cultural impulsada por antigos membros do Partido Galeguista.

Debido ao silencio da posguerra, coinciden publicando autores de distintas liñas narrativas:

- **Os continuadores a tradición narrativa do Grupo Nós**, como Carballo Calero e Otero Pedrayo.
- **O realismo popular ou etnográfico** de Ánxel Fole, centrado na oralidade e na tradición contística galega.
- **O realismo fantástico** de Álvaro Cunqueiro, que mestura elementos culturalistas, de orixe árabe (Simbad), greco-latina (Orestes) ou nórdica (Merlín), con elementos populares; así como realidade cotiá con fantasía.
- **O realismo social** de Eduardo Blanco Amor, que recrea a vida das clases obreiras ou marxinais, denunciando as inxustizas que padecen.
- **O realismo rural**: Xosé Neira Vilas denuncia nas súas obras as penurias da vida labrega.¹
- **A innovación e renovación da prosa** cos autores/as da Nova Narrativa Galega. (tema 7)

Denomínanse "renovadores da prosa" catro autores que, polas súas particularidades, non é posible incluílos nun mesmo grupo ou xeración: Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor e Xosé Neira Vilas.

ÁNXEL FOLE

Destacou como escritor de relatos breves. *Á lus do candil* (1953) é unha colección de contos relacionados entre si cunha simple estrutura: catro fidalgos cos seus criados están reunidos ao carón do lume nunha vella torre incomunicada pola neve; entre eles relátanse as diferentes historias que compoñen o libro, transcritas por un dos presentes. *Terra brava* (1955) segue un procedemento semellante: o narrador informa do achado dun vello cartapacio escrito polo seu padriño que contén unha colección de contos que se reproducen a continuación. Coinciden na temática e na técnica narrativa de *Á lus do candil*, *Contos da néboa*



¹ A obra de Neira Vilas tamén se pode situar dentro do **realismo social**, pois os conflitos dos personaxes deste autor están provocados pola guerra, pola ditadura e polas penurias da época.

(1973) e *Historias que ninguén cre* (1981); son coleccións que prescinden do artificio estrutural dos libros anteriores; a súa unidade vén dada pola continua presenza do misterio e o marco preferentemente urbano ou vilego no que se sitúan.

➤ Características xerais da obra de Ánxel Fole

1. Técnica narrativa semellante á narración dos contos populares. Isto vémosto en diferentes aspectos:

- Localizacións espazo-temporais precisas
- Testemuños de autoridade
- Narrador en 1ª persoa, que presenciou os feitos ou foi informado deles pola transmisión oral do suceso
- Interpelacións aos oíntes (*captatio benevolentiae*)
- Discurso lineal

2. A lingua que emprega está recollida directamente da **fala popular**, de aí que incorpore dialectalismos, vulgarismos, arcaísmos, castelanismos, frases feitas, refráns etc.

3. Os temas de Fole proceden da **tradición oral galega**: historias de lobos, de meigas, de aparecidos, de premonicións ou avisos da morte, de lendas populares ... O obxectivo que persegue con estes contos é suxerir o sobrenatural, con atmosferas de misterio e tensión. Con todo, no remate da historia, eses acontecementos misteriosos sempre teñen unha explicación racional.

4. Nas súas obras reflicte a realidade do pobo galego de montaña, incomunicado, pobre e atrasado, polo que hai unha crítica implícita a esta situación. Nos seus relatos aparecen traballos, festas, costumes ... propios da montaña lucense.

5. Presenza da paisaxe rural, ben diúrna, ben nocturna. A emoción que experimenta cara a ela é propia de escritores románticos.

Cando baixan á ribeira débelle parecer que entran no paradiso. Alí medran as laranxeiras, as amendoeiras, as citroeiras. É a leda terra do viño, das froitas doces, das cántigas rexoubantes... [...] Xa na Candeloria amósase a primavera, i os días son quentes i as noites tépedas. Todo é dondo, risoño, amantiño. (Á lus do candil, 1953)

ALVARO CUNQUEIRO

Introduce a fantasía na narrativa realista da posguerra. A obra de

ficción do mindoniense pódese dividir en dous grupos:

a) Novelas

- *Merlín e familia* é a súa primeira obra narrativa importante. Retornando as figuras míticas e lendarias da materia de Bretaña (personaxes das lendas artúricas como Merlín e dona Xenebra), o autor galeguiza os espazos e personaxes, mestura o real e o inventado. A perspectiva adoptada polo narrador é a do que fora paxe de Merlín, Felipe de Amancia, agora xa vello, que narra os feitos que presenciou de neno: unha serie de historias fantásticas con unidade espacial, as terras de Miranda en Galicia, e idéntica estrutura (visita ó mago, presentación do problema e resolución do mesmo).
- *As crónicas do Sochantre* trasládannos a fins do século XVIII na Bretaña francesa, onde o Sochantre de Pontivy (músico de capela), chamado como outras veces para ir tocar a un enterro, monta na dilixencia onde se encontra con personaxes de ultratumba. A partir de aí, nárransenos as vidas pasadas deses viaxeiros, así como a do propio Sochantre.
- *Se o vello Sinbad volvese ás illas* é unha novela inspirada nos relatos orientais de *As mil e unha noites*. Narra as lembranzas e ilusións de Sinbad, un vello mariñeiro retirado que soña co seu regreso ao mar para facer reais os seus desexos de liberdade.

Nestas novelas maniféstase o chamado “mundo mítico de Cunqueiro”: mestura de **realismo** e **fantasía**, do cotián e o lendario; e incorporación á nosa literatura de mitos doutras tradicións (oriental, celta...).

b) Libros de relatos

Escola de menciñeiros, *Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes* forman un ciclo de retratos de personaxes populares con moito de real e bastante de inventado (o que non impide que sexan un reflexo fiel do espírito do pobo galego), xa que a **realidade cotiá** da que parten é alterada pola aparición do **fantástico**, do marabilloso ou sobrenatural.

➤ Características xerais da narrativa de Cunqueiro

1. Estrutura narrativa. A súa prosa é unha historia dentro dunha historia e esta, á súa vez, dentro doutra.



2. Proxección da súa obra cara a literaturas doutros lugares e épocas, **actualizando mitos** como o de Merlín, a raíña Xenebra, Sinbad (de *As mil e unha noites*), Ulises, Orestes etc.

3. Presenza dun mundo onde o **marabilloso** xoga un importante papel e ao que o autor pretende darlle estatuto de **realidade**.

4. O **humor** que se reflicte cando Cunqueiro describe os personaxes míticos, ás veces con parodia, ás veces con ironía, caracterizándoos coo personaxes do mundo cotián e popular que viven e senten como calquera outra persoa.

A primeira na casa, despoixas de don Merlín, era mi ama doña Ginebra. Era unha señora mui sentada, verán e inverno coa súa peleriña negra mui bordada con abaloiros. Tampouco era do país, e prendía algo na fala. (...) Outa, e máis ben gorda, tiña gran andar; i era mui graciosa de seu no mando (...). De vez en cando paraba de bordar para rascarse cunha manciña de buxo que tiña. (Merlín e familia)

A raíña Xenebra, á parte de nola describir como de pel branca e pelo louro, dinos tamén que era máis ben gorda, e que de vez en cando paraba para rascar o lombo.

5. **Humanización dos personaxes protagonistas.** Coinciden varios deles en seren vellos, solitarios e sensíbles. Así Felipe de Amancia, narrador ancián e *Merlín e familia*, e Simbad en *Si o velo Sinbad volvese ás illas*. Na narración de Felipe de Amancia destaca a **melancolía** e a **tenrura** cando recorda o seu pasado, especie de paraíso perdido no que se refuxia.

Os días parados, as nubes que os cobren, os outros pensamentos que me van e ven [...] ben poidera compara/a coa neve que cae de mansiño, e pódose por alfombra diste mundo, tapa leiras e camiños, prados i airas [...]. Pro, por veces, brinca o solciño raiolán dunha lembranza de xuventú, e nalgún logar derrete a neve, i é coma si na soedade do mundo un pasaxeiro descoñecido alcendese unha pequena fogueira, e ti vas e por unba hora arrequéntaste a ela... “Memorias memorias memorias” (Merlín e familia)

6. Historias orixinais, fantásticas pero con **raíces na cultura popular**. Así non faltan nas súas historias lobishomes, tesouro, mouros, demos, curandeiros e unha paisaxe xenuinamente galega.

7. A **linguaxe** de Cunqueiro lémbrenos a narración oral, principalmente na reiteración da conxunción copulativa coordinada *e*. Tamén nel son frecuentes os **préstamos** (galicismos, como *sochrante* ou *chapeu*, lusismos, arabismos e italianismos), e os **dialectalismos** (*il, iste, mui, dou* por **deu*, así como a conxunción copulativa *i* ante vogal e outros propios da súa zona mindoniense).

EDUARDO BLANCO

No ano 1959 publícase unha das obras máis importantes da narrativa galega de posguerra, trátase d' *A esmorga* de **Eduardo Blanco Amor**. Nela asistimos á declaración que un acusado (Cibrán Canedo) fai ante un xuíz. Esta declaración está centrada na historia trágica do propio narrador e dous compañeiros (O Bocas e o Milhomes), homes marxinais na sociedade que, tras un día e unha noite de embriaguez, acaban autodestruíndose ou sucumbindo ante a represión das forzas da orde. Pódese considerar unha novela de **realismo social** na que se ofrece unha visión pesimista tanto da condición humana como da propia estrutura e funcionamento dunha sociedade que crea individuos marxinais e que non é capaz de os asimilar.



Esta novela presenta importantes novidades formais, como a existencia de **dous narradores** (autor e protagonista) ou a innovadora **técnica telefónica** que caracteriza a declaración do protagonista, Cibrán, perante o xuíz”, de maneira que o lector só pode ler a voz do acusado (Cibrán Canedo) e debe reconstruír as palabras da acusación. Tamén conta con novidades de contido, xa que retrata **personaxes marxinais** nun **ambiente urbano e suburbial**. Por primeira vez na literatura galega trátanse **temas** como a violencia, o sexo e as frustracións dos protagonistas, antiheroes que viven marxinais.

Completan a obra narrativa de Blanco Amor *Os biosbardos* (1962) e *Xente ao lonxe* (1972). En *Os biosbardos* un narrador en 1ªpersoa testemuña ou protagonista achéganos experiencias infantís ou adolescentes. Os argumentos glosan de forma irónica cada un dos pecados capitais como instrumentos dunha moral represora que salta en anacos ante a inxenuidade infantil ou as miserables condicións de vida dos protagonistas. *Xente ao lonxe* reflicte o vivir das clases traballadoras de A. (Ourense de primeiro de século), as súas tarefas cotiás e as súas inquedanzas políticas e sindicais.

➤ Características xerais da obra en prosa de Blanco Amor

1. Escritura realista, xa que o autor fai unha caracterización realista da sociedade galega de principios de século: a clase traballadora e a formación do sindicalismo, principalmente en *Xente ao lonxe*, e a vida marxinal e de suburbio da cidade de Ourense en *A esmorga*. A través da súa obra coñecemos o modo de vivir en Ourense, nun tempo en un espazo concretos e definidos.

2. Predominio da narración en primeira persoa mediante a cal o narrador se afasta ou distancia dos acontecementos de dúas maneiras:

a) Presentación de feitos **autobiográficos** como recordos pasados da infancia en *Xente ao lonxe*.

- b) A través dun **narrador editor-investigador** (o propio autor) que indica que os feitos que se mostran ocorreron moito tempo atrás e que el se preocupou de investigar como foron os sucesos. Así comeza *A esmorga* :

Cando eu era aínda moi rapaz, seguíase a falar do caso entre as boas xentes de Auria [...] Un meu tío, que fora “ministro” do Xuzgado [...] foime dicindo, da pouco, coma quen se desfai dun capital, o que tiña visto e ouvido desta historia dos tres sonados esmorgantes [...] Co que fun pillando deiquí e daló e cavilando pola miña conta [...] púxenme agora a escribir esta crónica.

Con isto consegue **obxectividade** nos feitos narrados e **verosimilitude** dado o carácter realista das súas obras.

3. Presenza do mundo infantil. En *Os biosbardos* e en *Xente ao lonxe* nenos e adolescentes son os protagonista.


XOSÉ NEIRA VILAS

A obra narrativa deste escritor reproduce a realidade galega desde unha óptica novidosa, que se centra arredor de dous focos : **o mundo rural da Galicia interior** e a **Galicia emigrante**. No primeiro grupo hai narracións protagonizadas por nenos: *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo* e *Aqueles anos do Moncho* (novelas de aprendizaxe, situadas nos anos da posguerra nun escenario rural e pobre). Nas narracións protagonizadas por adultos (*Xente no rodicio*, *A muller de ferro* e *Querido Tomás*) o mundo rural, no que se sitúan, está dominado polo poder relixioso e político, o atraso, a ignorancia, os prexuízos e a violencia, que impiden o desenvolvemento dos seres humanos.

A Galicia da emigración está representada en *Camiño bretemoso* e *Historia de emigrantes*. Nestas historias a difícil adaptación ao mundo urbano, a morriña da terra e unha vida de privacións son algúns dos temas tratados.

➤ Características da prosa de Neira Vilas:

- Emprego de diferentes **técnicas narrativas**: desde diferentes puntos de vista (1ª, 3ª e incluso 2ª persoa), ata diversas presentacións formais: o diario, a carta e a conversa.
- A súa linguaxe sitúase preto da **fala popular**: léxico rico, sintaxe sinxela e próxima á da lingua falada.



ÁNCEL FOLE (realismo popular)

- **Á luz do candil** (1953)
 - Colección de relatos encaixados relacionados entre si cunha simple estrutura: catro fidalgos cos seus criados están reunidos ao carón do lume nunha vella torre incomunicada pola neve; entre eles relátanse as diferentes historias
- **Terra Brava** (1955)
 - Narrador informa do achado dun vello cartapacio escrito polo seu padriño que contén unha colección de contos que se reproducen a continuación
- **Historias que ninguén cre** (1981)
 - Continua presenza do misterio e o marco preferentemente urbano ou vilego no que se sitúan.
- **CARACTERÍSTICAS:**
 - Técnicas narrativas:
 - localizacións espazo-temporais precisas
 - testemuños de autoridade
 - narrador en 1ª persoa, que presenciou os feitos ou foi informado deles pola transmisión oral do suceso
 - interpelacións aos oíntes (*captatio benevolentiae*)
 - discurso lineal
 - Fala popular
 - Temas da tradición e cultura galega: lobos, meigas, lendas populares..
 - Suxerir o sobrenatural, con atmosferas de misterio e tensión. Eses acontecementos misteriosos sempre teñen unha explicación racional.
 - **Reflicte a realidade do pobo galego de montaña** (incomunicado, pobre e atrasado)
 - Paisaxe rural

ÁLVARO CUNQUEIRO (realismo fantástico)

- **Merlín e familia**
 - Materia de Bretaña
 - Lenda artúrica con Merlín e Xenebra
 - Mestura o real (os espazos) co fantástico (a maxia)
 - Narrador: Felipe de Amancia, criado que nos conta as historias que viviu de mozo co mago Merlín.
- **As crónicas do Sochantre**
 - Bretaña francesa, século XVIII
 - O sochantre de Pontivy monta nunha dilixencia con personaxes de ultratumba que van narrando a súas vidas pasadas.
- **Se o vello Sinbad volvese ás illas**
 - Inspiración en *As mil e unha noites*.
 - Lembranzas e ilusión do vello mariñeiros retirado que regresa ó mar con desexos de liberdade.
- **Escola de menciñeiros, Xente de aquí e de acolá e Os outros feirantes**
 - Relatos curtos
 - Con personaxes populares
 - Reflexo do espírito do pobo galego
 - Mestura a realidade cotiá coa aparición do fantástico e sobrenatural
- **CARACTERÍSTICAS:**
 - Historias dentro doutra historia..
 - Actualización de mitos
 - Mundo do marabilloso como un papel importante
 - Humor e ás veces parodia con ironía; caracterizando os personaxes
 - Humanización dos personaxes protagonistas (vellos solitarios e sensibles)
 - Raíces na cultura popular

- Linguaxe
 - Préstamos (sochrante ou chapeu)
 - Dialectalismos (il, iste, dou, i)

EDUARDO BLANCO AMOR (**realismo social**)

- A esmorga (1959)
 - Declaración de Cibrán ante un xuíz
 - Personaxes: O Bocas e o Milhomes
 - Homes marxinais na sociedade Ourenzá do século XX
 - Tras un día e unha noite de embriaguez, acaban autodestruíndose ou sucumbindo ante a represión das forzas da orde.
 - Visión **pesimista** tanto da condición humana como da propia estrutura e funcionamento dunha sociedade que crea individuos marxinais e que non é capaz de os assimilar.
 - Novidades formais
 - Dous narradores (autor e protagonista)
 - Técnica telefónica
 - Personaxes marxinais
 - Ambientación urbana e suburbial
 - Protagonistas = Antiheroes marxinais
 - Temas: violencia, sexo e frustracións dos protagonistas
- Os biosbardos (1962)
 - Narrador en 1º persoa testemuña ou protagonista
 - Experiencias infantís ou adolescentes
 - Emprega de cada un dos pecados como instrumentos dunha moral represora
- Xente ao lonxe (1972)
 - Reflicte as clases traballadoras de A. (Ourense)
 - Tarefas cotiás, inquedanzas políticas e sindicais

➤ CARACTERÍSTICAS

- Escritura realista da sociedade do principios do XX:
 - Clases traballadoras
 - Sindicalismo
 - Vida marxinal
 - Tempo e espazos ben definido, concreto
- Predominio da 1º persoa que se afasta dos acontecementos
 - Narrador autobiográfico (Xente ao lonxe)
 - Narrador editor-investigador (A esmorga)
 - Consegue con isto: obxectividade e verosimilitude
- Presenza do mundo infantil

XOSÉ NEIRA VILAS (**realismo rural**)

- Mundo rural da Galicia interior e da Galicia emigrante
- *Memorias dun neno labrego*, *Cartas a Lelo* e *Aqueles anos do Moncho* (novelas de aprendizaxe, situadas nos anos da posguerra nun escenario rural e pobre).
- Narracións protagonizadas por adultos (*Xente no rodicio*, *A muller de ferro* e *Querido Tomás*) o mundo rural, no que se sitúan, está dominado polo poder relixioso e político, o atraso, a ignorancia, os prexuizos e a violencia, que impiden o desenvolvemento dos seres humanos.
- *Camiño bretamoso* e *Historia de emigrantes* (Galicia emigrante: morriña, difícil adaptación, vida de privacións...)
- CARACTERÍSTICAS
 - Diferentes puntos de vista (1º, 2º e 3º)
 - Fala popular

ACTIVIDADES

ACT 1: Relacione o texto, sucintamente, coa restante obra do autor eco seu contexto. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Relaciónalo con algún aspecto da realidade de hoxe en día. Extensión aproximada: 200 palabras.

“Moitas veces ouvín dicir que os lobos non atacan as persoas. E isto non é certo. O secretario de Caldas foi comido por eles cando voltaba da feira de Viana. Algúns dixeron que o mataran por roubalo, e que despois o comeran os lobos; mais a douscentos metros de onde o comeran foi atopado un lobo morto coa gorxa furada por unha bala.

Aqueles días viran os pastores unha manda de dez cunha loba con tres lobecos. Era tempo de neve, e baixaran da serra da Moá. Ó parecer, despois de esgotados os cartuchos, quixo subirse a unha árbore, mais non puido. Alí estaba ó seu carón, o revólver con seis cartuchos baleiros no lombo. Era un bo revólver americano. Ó sentirse feridos algúns lobos, todos se botaron enriba del. Se tivese un bo foco eléctrico quizais se salvase. [...]

De noite médralles o corazón e son moi valentes. Non vos riades. Tamén lles pasa iso ós lobicáns. O señor cura de Peites tiña un. De noite ía ó monte e chamaba ós lobos. Viñan con el. Din que abría os tarabelos das cortes coma unha persoa. Unha noite velouno o señor cura. Era un gran cazador. Tiña un rifle de dez tiros que lle trouxera un sobriño de California. Meteulle dous tiros seguidos no entrecello ó galgar un pasadoiro. O crego estaba na xanela da reitoral cun foco, e o lobicán volvía do monte, polas tres da mañá, acompañado dos lobos. Abrírono e esfolárono axiña, e viron que tiña o corazón inchado...

Sabedes cando se atreven os lobos cos homes? Cando teñen moita fame, ou cando se decatan de que lles teñen medo. Por iso case que nunca atacan a tres ou máis xuntos. Cando se atopan un home só pola serra, pónense a traballalo. Teñen moito instinto... Xa veredes como o traballan. De primeiro, acompáñano; despois, pónenselle diante; máis tarde, chéganlle a zorregar as pernas cos rabos... Así, pouquiño a pouquiño. Vén un intre en que o home xa non pode máis. O medo alporízalle os cabelos. Parécelle que lle cravaran arames na testa. Váiselle a voz, perde o sentido. Xa está perdido. Bótanse os lobos enriba del e esnaquízano. Cada vinte anos ou menos, dáse por estas terras un caso deses. Desaparece un home. [...] Así lle aconteceu ó Pastrán de Vesuña hai moitos anos. Mais se o home non perde a coraxe non se atreven con el”

Anxel

Fole

ACT 2: Contextualiza o texto de Cunqueiro (“A voadora de Serantes”) na época correspondente e identifica e explica tres características da liña temática en que se insire a obra da que forma parte, recorrendo sempre a exemplos tirados do propio texto. Sinala dúas tendencias narrativas máis da mesma época, os seus autores máis representativos e dúas obras de cada un. (Extensión aprox. 250 palabras)

“Estaba Manuel Páramo botándolle un feixe de herba ás vacas, e a muller apoleirando as galiñas, caída dunha serán de verán, cando delambos auviron un asubío mesmo derriba das suas cabezas. Miraron pra o ceo, a ver de ónde viña aquilo, que pasaba de asubío a trono, e viron pasar voando, nunha banquetta, á señora María de Fontes, que era conocida pola Voadora de Serantes, aínda que ninguén sabía de ónde lle viñera o apodo. Pro ben sabía que era acertado, que a señora María voaba. Manuel e a súa muller correron a darlle o parte aos veciños de deloutra banda do río. O señor Bastián de Cosme, liando despacio un cigarro, comentou:

—¡Non sabía que fose meiga!

E non lle deu importancia ao asunto, recomendándolle a Manuel e máila muller que calesen o conto e non se metesen na vida de naide.

—Cadaquén gaña a vida como pode, sentenciou.

Pro ao día seguinte, o señor Bastián chamou a Manuel Páramo, e díxolle que aquela noite despertara sonando coa señora María de Fontes, e que se lembrara de que a tal morrera facía polo menos tres anos, e que vindo el no Castromil, cru órase coa sente que viña do cabodano. Estando falando do asunto Bastián e Manuel, outra vez o asubío seguido dun trono, e ergueuse un vento de travesía mui forte, que durou ben os seus cinco minutos.

—Esa tola seica quer levarse os nosos tellas dos!, dixo o señor Bastián.

A verdade foi que non deixou nin unha mazá nos mazaeiros.

O señor Bastián foi visitar a un amigo, que era fogueteiro e chamábanlle O Gaiteiro de Vedra, e encargoulle catro bombas de palenque, as máis potentes que fixera nunca. O señor Bastián e Manuel Páramo montaron garda coas bombas na man e a mecha presta, agardando a que pasase voando María de Fontes, sentada na súa banquetta. Choveu catro días seguidos, e logo escampou, e veu un día fermoso e soleado.

--iDe hoxe non pasa! , dixo o señor Bastián.

E así foi. Eran as seis dadas cando se escoitou o asubío de cando en vez interrompido por uns tronos xordos, que metían medo. María de Fontes viña polo áer, como a primeira vez que a vira Manuel Páramo, sentada na súa banquetta. O señor Bastián soplou no cigarro de a carto e prendeu lume na mecha das bombas de palenque, unha tras outra. Foron catro enormes estampidos guidos que deberon escoitarse no Ferrol. Ouvíuse un grande berro, e medio minuto despois caeron diante de Bastián e Manuel e as súas asustadas mulleres, unha zapatilla colorada e dous pesos amadeos. Ben mirada a zapatilla, resultou que estaba chea de plumas de corvo. Bastián e Manuel decidiron enterrar a zapatilla no monte, e repartir o capital”

ACT 3: Contextualiza o texto de Ánxel Fole na época correspondente e identifica e explica catro características do seu autor, recorrendo sempre a exemplos tirados do propio texto. Sinala dúas tendencias narrativas máis da mesma época, os seus autores máis representativos e dúas obras de cada un. (Extensión aprox. 250 palabras)

“Moitas veces ouvín decir que os lobos non atacan ás persoas. E isto non é certo. (...) Todos coñecedes coma min ó Emilio, o castrador de Rugando. Atendede ben e xa sabereis que é certo todo canto levo dito encol dos lobos. (...) Dous lobos grandismos fôrono acompañando. Iban sempre de par dil, ás dúas maos. Cáseque parecían dous cas que foran con seu amo. Se il se paraba, tamén iles se paraban. Algunhas veces púñanselle diante. Entón, o capador guindáballes un coio.”

Ánxel Fole, “Os lobos”, *Á lus do candil* (1953)

ACT 4: Contextualiza o texto de Cunqueiro (“A voadora de Serantes”) na época correspondente e identifica e explica tres características da liña temática en que se insire a obra da que forma parte, recorrendo sempre a exemplos tirados do propio texto. Sinala dúas tendencias narrativas máis da mesma época, os seus autores máis representativos e dúas obras de cada un. (Extensión aprox. 250 palabras)

Estaba Manuel Páramo botándolle un feixe de herba ás vacas, e a muller apoleirando as galiñas, caída dunha serán de verán, cando delambos auviron un asubío mesmo derriba das súas cabezas. Miraron pra o

ceo, a ver de ónde viña aquilo, que pasaba de asubío a trono, e viron pasar voando, nunha banquetta, á señora María de Fontes, que era conocida pola Voadora de Serantes, aínda que ninguén sabía de ónde lle viñera o apodo. Pro ben sabía que era acertado, que a señora María voaba. Manuel e a súa muller correron a darlle o parte aos veciños de deloutra banda do río. O señor Bastián de Cosme, liando despacio un cigarro, comentou:

—¡Non sabía que fose meiga!

E non lle deu importancia ao asunto, recomendándolle a Manuel e máila muller que calesen o conto e non se metesen na vida de naide.

—Cadaquén gaña a vida como pode, sentenciou.

ACT 4: Relacione o relato, sucintamente, coa restante obra do autor e coa narrativa da súa época. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice, brevemente, a estrutura do diálogo e a caracterización dos personaxes principais. Extensión aproximada: 200 palabras.

Ó chegar perto do Posío entramos na taberna da tía Esquilacha, onde pararan tamén os tratantes. Había un bó lume na cociña, e estaban nela os arrieiros almorazando chourizos asados con pantigro e viño novo. A min, como xa dixeran, andábame a rondar “o pensamento”, que decote me ven dapouco, cando escomezo a facer cousas que sei que non tería que facer. O certo é que me sentía magoado e tristeiro, co aquilo de non irme ó meu traballo, ó menos pra me cerciorar de que non habería choio por mor da chuvia, e quedar tranquiño para non deixar, pola miña conta, sin cumprimento a promesa que lle fixera á Raxada, que aínda cando saín da casa ía tan contento como facía moito que nono estivera. [...]

Afora debruzárase a chuvia, achoadada e mesta, e o día, puñérase fusquento cmo si voltara pra atrás. Cando se abría a porta, entraban os refachos do vento até a cociña espaxando o fumazo e facendo arrandear as restes dos chourizos dependurados encol da lareira...

-

-¿Cómo, señor? Non me aparto do conto nin un instante... Estou a dicir as cousas polo seu comenzo, que unhas viñeron das outras e si unhas non houberan pasado as outras tampouco.

-

-¡Qué han ser disculpas! Eu non teño ren de que me disculpar que eu nada fixen, pois o ollar as cousas que pasan diante dun non é culpa dun, por máis que llas apoñan ou que llas queiran apoñar.

[...]

A esmoga de Eduardo Blanco Amor

ACT 5: Relaciona o texto de Neira Vilas, brevemente, co grupo literario ao que pertence ao autor. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice, sucintamente, o espazo e a descrición que se fai no fragmento. (Extensión aprox. 200 palabras)

EU SON...

Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen dí, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesares do que lle aconteceu por causa miña.

No verán ando descalzo. O pó quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha para espetáreme nos pés. Ergome con noite pecha, ás dúas ou tres da mañá, para ir co gando, restrebar ou xuntar monllos. Cando amanece xa me doi o lombo e as pernas. Pero o día comenza. Sede, sol, moxardos.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo ó pé do lume. Muíños apeados. Faladurías de neves e lobos. Os brazos como espeteiras para encolgar farrapos. Murnas, fridas, dedos sen tentos.

Que saben desto os nenos da vila!

Eles ignoran o que eu penso mentras boto ó corpo un gurrucho de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingando, aterecido, vendo por entre a chuvia unha fantasma bretemosa en cada árbore.

A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre «cando está de Deus», como di a madriña. Os rapaces somos tristes. Enredamos, corremos tras dos foguetes e ata rimos, pero somos tristes. Temos a pobreza e os trafegos da terra aniñados nos ollos.

Eu quixera andar polo mundo. Ir por mares e terras que non coñezo. Nacín e crieime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo. Teño pensamentos que non lle podo contar a ninguén. Algúns non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por eso escribo. [...] Ogallá que non me atopen o caderno. Daríame vergoña. E non é para menos. Porque nel devorco todo o que sinto”

Memorias dun neno labrego de Neira Vilas.
